Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis
Sobre a compatibilidade dos proxectos eólicos coa protección da paisaxe

- 46171 - 38787 (12/PRE-016065)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Golpe Acuña, José Manuel e 3 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da xestión do Bono Social Térmico

- 46529 - 38803 (12/PRE-016066)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e Golpe Acuña, José Manuel
Sobre a calidade da subministración eléctrica no concello de Mazaricos

- 46168 - 38824 (12/PRE-016068)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Golpe Acuña, José Manuel e 3 máis
Sobre a postura do Goberno galego respecto da elaboración dunha estratexia autonómica de loita contra a pobreza enerxética

- 46684 - 39035 (12/PRE-016094)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis
Sobre a protección ambiental da serra do Suído e do alto Tea ante o incremento de proxectos eólicos

- 46527 - 39019 (12/PRE-016143)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Pérez, Moisés e 8 máis
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da licitación por parte do Goberno central do contrato de xestión e mantemento das vivendas da Sareb

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 46167 - 39472 (12/PRE-016162)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos
Sobre a postura do Goberno galego ante a posibilidade de impulsar a construción dunha nova EDAR na parroquia de Dodriño, no concello de Dodro

- 46170 - 39475 (12/PRE-016163)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos
Sobre a valoración do Goberno galego respecto das condicións en que están as instalacións de depuración de augas residuais da parroquia de Dodriño, no concello de Dodro

- 46161 - 39478 (12/PRE-016164)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 3 máis
Sobre a postura da Xunta de Galicia en canto á posibilidade de dotar unha partida orzamentaria específica para financiar e executar unha nova EDAR en Dodriño, no concello de Dodro

- 47094 - 41036 (12/PRE-016194)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Méndez López, Lara e 2 máis
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia, en coordinación coa Inspección de Traballo, para garantir o cumprimento da legalidade laboral na empresa Sargadelos

- 46321 - 28392 (12/PRE-016206)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena
Sobre os preparativos e traballos realizados polo Goberno galego para o acollemento de menores non acompañados

- 47463 - 28438 (12/PRE-016217)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e Pérez López, José Daniel
Sobre os datos relativos ao cumprimento, desde que está en vigor a actual lexislación, do requisito do acordo expreso das comunidades de propietarios para desenvolver nelas a actividade como vivendas de uso turístico

- 46320 - 28455 (12/PRE-016222)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 7 máis
Sobre os efectos que o déficit de axentes da Unidade do Corpo Nacional de Policía Adscrita ten no desenvolvemento das súas funcións en Galicia

- 46318 - 28480 (12/PRE-016230)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Fernández, Secundino e 2 máis

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a situación do Plan básico municipal de Viana do Bolo e as previsións da Xunta de Galicia respecto do remate da súa tramitación

- 46316 - 28498 (12/PRE-016236)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla
Sobre a climatización das escolas infantís de Lalín

- 46315 - 28503 (12/PRE-016239)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla
Sobre o funcionamento do servizo de axuda no fogar (SAF) no concello de Rodeiro

- 46050 - 28505 (12/PRE-016240)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla
Sobre as condicións de acceso ás prazas das casas niño e as previsións da Xunta de Galicia verbo do funcionamento deste servizo

- 46048 - 28537 (12/PRE-016250)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis
Sobre a postura das forzas políticas PSOE, Sumar e BNG nas Cortes Xerais ante a tramitación da Proposición de lei orgánica de transferencia a Galicia da autoestrada AP-9

- 46047 - 28554 (12/PRE-016257)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis
Sobre os estudos e as medidas que impulsou ou pensa promover o Goberno galego no que atinxe á situación de desigualdade económica das familias monoparentais

- 46715 - 28587 (12/PRE-016278)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez López, José Daniel e 2 máis
Sobre a dispoñibilidade de solo empresarial no polígono de Bértoa, en Carballo, a construción de novas infraestruturas viarias neste concello e o eventual rescate e eliminación das peaxes da AG-55

- 46045 - 28592 (12/PRE-016280)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis
Sobre os atrasos na planificación e nos trámites para a execución, por parte do Goberno central, da autovía A-76 entre Ourense e Ponferrada

- 46314 - 28606 (12/PRE-016289)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Insua Lema, Óscar

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre o papel da Xunta de Galicia no desenvolvemento das oficinas de xustiza nos concellos e a súa valoración verbo da posibilidade de impulsar a creación de agrupacións de varias destas oficinas para a atención de concellos limítrofes

- 46346 - 28629 (12/PRE-016301)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Suárez Fernández, Iago e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto da proposta de actualización da Lei de eleccións ao Parlamento de Galicia para permitir o voto desde os 16 anos de idade

- 46044 - 28631 (12/PRE-016302)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna
Sobre a valoración que a Xunta de Galicia realiza dos avances atinxidos, na última década, en materia de dereitos das persoas con discapacidade, sobre as previsións que o Goberno Galego ten para os vindeiros anos, así como sobre o cumprimento das súas obrigas en materia de inclusión

- 46042 - 28649 (12/PRE-016311)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Deza Martínez, María e 7 máis
Sobre o balance das medidas que vén impulsando o Goberno galego para facilitar o acceso da mocidade á primeira vivenda

- 46593 - 28656 (12/PRE-016314)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Deza Martínez, María e 8 máis
Sobre as características, as novidades e os prazos para a tramitación dos fondos de cooperación da Xunta de Galicia cos concellos en materia de vivenda

- 46039 - 28666 (12/PRE-016319)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Deza Martínez, María e 10 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da promoción de vivenda pública na cidade de Lugo e outras medidas para a rehabilitación de vivendas en conxuntos históricos

- 46036 - 28671 (12/PRE-016322)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fidalgo Iglesias, Miguel e 11 máis
Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para aumentar a dispoñibilidade de vivenda protexida na área de Vigo

- 46343 - 28676 (12/PRE-016324)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina e Presas Bergantiños, Noa Olalla
Sobre as accións que prevé levar adiante o Goberno galego co obxectivo de mellorar a atención do Centro de Información á Muller de Ponteareas

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 46032 - 28714 (12/PRE-016341)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis
Sobre a oferta de prazas nas escolas infantís Galiña Azul na comarca de Ferrol e os problemas para soster o modelo pedagóxico desta rede

- 46031 - 28767 (12/PRE-016357)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla
Sobre as condicións das subvencións destinadas ao financiamento das casas niño

- 46030 - 28772 (12/PRE-016361)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e Rodil Fernández, Olalla
Sobre as necesidades de atención a maiores e dependentes na comarca das Mariñas e as previsións do Goberno galego en relación coa posibilidade de impulsar un centro de día público en Betanzos

- 46029 - 28782 (12/PRE-016366)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre o impulso dos obxectivos de equidade e corresponsabilidade social na política de atención á dependencia e o modelo de coidados que desenvolve a Xunta de Galicia

- 46028 - 28801 (12/PRE-016377)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla
Sobre a situación actual dos centros de menores en Galicia e as perspectivas do Goberno galego para a mellora da atención e dos coidados a nenas, nenos e adolescentes que neles residen

- 46027 - 28815 (12/PRE-016381)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e Rodil Fernández, Olalla
Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á apertura e posta en marcha do centro de día demandado en Corcubión

- 46026 - 28834 (12/PRE-016382)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a situación xerada polo ingreso nos centros residenciais de maiores de persoas con patoloxías psiquiátricas ou outras que requiren atención específica e as medidas que prevé impulsar o Goberno para resolver o problema

- 46025 - 28846 (12/PRE-016388)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre os medios dos futuros centros móbiles de información á muller anunciados polo presidente da Xunta de Galicia, así como a súa natureza, regulación e os seus protocolos

- 46023 - 28859 (12/PRE-016395)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, Carmela e 3 máis
Sobre as valoracións que fai o Goberno galego no que se refire ás cifras actuais da oferta de prazas nas escolas infantís da rede pública da Xunta de Galicia en Vigo

- 46021 - 28969 (12/PRE-016444)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Taibo Corsanego, Iria e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as actuacións previstas pola Xunta na rotonda que comunica a AC-523 coa DP-3102 e para mellorar a seguridade peonil na citada AC-523

- 46011 - 29026 (12/PRE-016471)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis
Sobre a valoración que fai o Goberno galego do ditame motivado da Comisión Europea no que advirte da ilegalidade da prórroga da concesión da AP-9

- 47478 - 29075 (12/PRE-016484)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez López, José Daniel e Pérez Fernández, Rosana
Sobre os resultados dos estudos anunciados para resolver os problemas de seguridade e operatividade no porto de Malpica, as características e o estado de desenvolvemento do proxecto de mellora e os orzamentos destinados á obra para 2025

- 46713 - 29077 (12/PRE-016485)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 4 máis
Sobre a xestión e a incidencia no sector do marisqueo desde embarcación das axudas da Consellería do Mar convocadas a través da Orde do 8 de maio de 2024

- 46010 - 29078 (12/PRE-016486)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Taibo Corsanego, Iria e 2 máis
Sobre a demanda de prazas públicas de ensino infantil para o curso 2025-2026 na comarca da Coruña e as medidas previstas polo Goberno galego co obxectivo de atendela

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2026
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos
1.5.4. De ámbito europeo
1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 5 de febreiro de 2026, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se suspende a aplicación das normas relativas á designación de representantes autorizados para efectos da responsabilidade ampliada do produtor en relación cos residuos, os residuos de aparatos eléctricos e electrónicos e os residuos de plásticos dun só uso [COM (2025) 983]

- 12/UECS-000120 (49515)
Consulta sobre o principio de subsidiariedade en relación coa Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se suspende a aplicación das normas relativas á designación de representantes autorizados para efectos da responsabilidade ampliada do produtor en relación cos residuos, os residuos de aparatos eléctricos e electrónicos e os residuos de plásticos dun só uso [COM (2025) 983]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 49515, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se suspende a aplicación das normas relativas á designación de representantes autorizados para efectos da responsabilidade ampliada do produtor en relación cos residuos, os residuos de aparatos eléctricos e electrónicos e os residuos de plásticos dun só uso [COM (2025) 983]
.
Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010 e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo e á Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, aos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2026
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46250
Data envio: 16/01/2026 21:28:41.337
Data 16/01/2026 21:28

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 33774**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"as actuacións da Xunta de Galicia ante a eventual ampliación das zonas vedadas pola Comisión Europea á pesca de fondo no Atlántico nororiental e a posibilidade de excluír o palangre do grupo de artes de fondo prohibidas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo do Pleno do Parlamento de Galicia, celebrado o 14 de outubro de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro, 35675.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NjJhZGJmNWItMWRkMy00YjFlLWI0NGEtOGM5MGY4NmJkMTRi&start=10299.547

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a avaliación das políticas pesqueiras europeas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/01/2026 21:28:38

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46250
Data envio: 16/01/2026 21:28:41.337

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 21:28:41

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46248
Data envio: 16/01/2026 20:46:52.330
Data 16/01/2026 20:46

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 33785**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"as diferenzas en canto ao financiamento por parte da Xunta de Galicia das escolas infantís de 0 a 3 anos de carácter privado respecto das de titularidade municipal"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Galicia dispón dunha das mellores redes de escolas infantís 0-3 de España, con máis de 32.000 prazas que permiten dar resposta á demanda de prazas nunha etapa educativa que é totalmente voluntaria, e que non é financiada polo Goberno. Ademais, son unhas escolas moi accesibles grazas ao programa de gratuidade implantado pola Xunta de Galicia, medida pioneira en España que a Xunta comezou a desenvolver no curso 2019-2020 e que lles permite ás familias pagar 0 euros pola matrícula e a atención educativa dos seus fillos, cun aforro medio por familia de preto de 3.000 euros cada curso escolar.

A Xunta de Galicia destina neste ano máis de 65 millóns de euros ao programa de gratuidade: é dicir, as familias galegas aforran 65 millóns ao levar aos seus fillos a unha escola infantil. A dotación orzamentaria deste programa é asumida pola Xunta de Galicia en solitario, dado que a contribución do Goberno central a este programa é de 0 euros.

A principal consecuencia da aplicación deste programa é o aumento das taxas de escolarización no 1º ciclo de Educación Infantil, ata acadar cifras históricas sen precedentes en Galicia. Así, e por terceiro ano consecutivo, a nosa Comunidade dispón da ratio de escolarización no primeiro ciclo de Educación infantil máis alta do conxunto do país, segundo os datos oficiais do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes.

Isto tradúcese en que máis do 64% dos nenos e nenas de entre 0-3 anos acoden a unha escola infantil, unha cifra que se sitúa 15 puntos por riba da media nacional (49,2%). Ademais, con estes datos, Galicia xa está a cumprir sobradamente os obxectivos que marca a Unión Europea para o ano 2030: cinco anos antes de chegar a esa data, Galicia xa supera o obxectivo da UE.

No caso das escolas infantís de titularidade municipal, a Xunta de Galicia achega aos concellos cada curso preto de 8 millóns de euros para o mantemento destas instalacións e a aplicación da gratuidade ás familias. Neste sentido, a Xunta de Galicia asume a parte que lle correspondería pagar ás familias en función dos

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/01/2026 20:46:49

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46248
Data envio: 16/01/2026 20:46:52.330

tramos de renda de cada familia, do mesmo xeito que sucede nas escolas infantís xestionadas pola Administración Autonómica.

Por suposto, a Xunta de Galicia recoñece -como ten feito en numerosas ocasións- o esforzo compartido cos concellos na aplicación de gratuidade nas súas escolas infantís. E como xa lle trasladou en diversas ocasións á FEGAMP, a intención da Xunta é reforzar este financiamento aos concellos en canto reciba recursos para este fin procedentes do Goberno central, tal como vén comprometendo desde hai anos o presidente do Goberno, Pedro Sánchez.

Lamentablemente, a día de hoxe a achega do Goberno de España ao programa de gratuidade é de 0 euros, pese aos reiterados anuncios do Executivo nesta materia, o último deles o pasado 6 de xuño na Conferencia de Presidentes, na que o Goberno central anunciou unha dotación de 175 millóns de euros para o acceso gratuíto á educación infantil 0-3 en toda España. Transcorridos máis de catro meses, a asignación comunicada polo Goberno de España á Xunta de Galicia para o financiamento da gratuidade nas escolas infantís segue sendo de 0 euros."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46248
Data envio: 16/01/2026 20:46:52.330

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 20:46:52

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45918
Data envio: 15/01/2026 22:28:44.792
Data 15/01/2026 22:28

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 33799**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outras deputadas do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego en relación co inicio da concesión das axudas para vítimas de violencia sexual previstas no artigo 41 da Lei orgánica de garantía integral da liberdade sexual"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Lei Orgánica 10/2022 recolleu no seu articulado, concretamente no artigo 41, a concesión dunhas axudas económicas ás vítimas de violencia sexual. Non obstante, para materializar a súa concesión, resulta necesario crear o documento acreditativo que recolle os requisitos para súa aprobación.

Por este motivo, o Ministerio de Igualdade celebrou varias reunións coas Comunidades Autónomas co obxecto de elaborar o referido documento. A última reunión tivo lugar o pasado 18 de xuño, onde non se logrou o quórum necesario para aprobar o documento acreditativo. Por este motivo estamos á espera dunha nova convocatoria do Ministerio co fin de retomar as negociacións co obxecto de aprobar o titulo acreditativo das violencia sexuais.

Por outro lado, é importante ter en conta que a propia Ministra e a Delegada do Goberno de España recomendaron non outorgar estas axudas económicas ata ter aprobado definitivamente o documento acreditativo, buscando así a homoxeneización de todas as Comunidades Autónomas. Polo tanto, o PSdeG debería ser coñecedor desta situación.

A Xunta de Galicia xa consignou unha partida orzamentaria para atender a futura axuda das violencias sexuais, que se comezará a aboar unha vez teñamos o documento acreditativo aprobado polo Ministerio de Igualdade."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 15/01/2026 22:28:41

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45918
Data envio: 15/01/2026 22:28:44.792

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 22:28:44

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45917
Data envio: 15/01/2026 22:28:37.844
Data 15/01/2026 22:28

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 33804**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López, dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto do inicio da tramitación do anteproxeto da futura Lei de Administración local de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Un dos retos do Goberno galego é o impulso dunha nova Lei de Administración Local de Galicia, que suporá unha reforma integral logo de case 30 anos de vixencia da anterior. En vindeiras datas o borrador da nova Lei será sometido aos distintos trámites de información pública, audiencia e participación entre os que se inclúe a súa remisión ao Parlamento galego".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 15/01/2026 22:28:35

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45917
Data envio: 15/01/2026 22:28:37.844

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 22:28:37

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46244
Data envio: 16/01/2026 20:46:29.268
Data 16/01/2026 20:46

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 33829**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Manuel Golpe Acuña, don Brais Ruanova Vilas-Boas e don Ramón Fernández Alfonzo, sobre **"o descenso do consumo eléctrico en Galicia en pleno proceso de transición cara a unha sociedade máis electrificada"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"Tal e como se indica na exposición da pregunta, o consumo eléctrico nos últimos anos vén moi influenciado pola paralización nos traballos en Alcoa. Non debemos esquecer que esta representa a 23% do consumo eléctrico de Galicia e o 1% de toda España.

En relación coa baixada no consumo, ademais da influencia de Alcoa, hai que ter en conta outros factores como os importantes avances en eficiencia enerxética (o que implica unha produción igual ou superior cun menor gasto enerxético).

Non obstante, tamén é certo que actualmente estamos nun proceso de electrificación da economía. De feito, precisaremos máis enerxía eléctrica, que como é lóxico, debe ser de orixe renovable, para afrontar os procesos derivados da transición enerxética que se está a vivir.

É máis Galicia ten unha dependencia enerxética do exterior do 59,8% no ano 2023, un valor inferior á media nacional, pero que segue a ser moi elevado. Isto obedece en gran medida ao importante volume de importacións de produtos derivados do petróleo, os cales tenderán a desaparecer. Estes deberán ser substituídos por enerxía eléctrica en moitos casos, polo que a xeración actual non será suficiente.

En calquera caso, os grandes proxectos consumidores de enerxía, obviando a Alcoa, aínda non están en funcionamento, pero está claro que, en canto se desenvolvan os proxectos de hidróxeno verde e derivados, centros de protección de datos, etc., unido á cada ver maior implantación do vehículo eléctrico, o consumo eléctrico será moi superior ao actual.

De feito, segundo os datos de Red Eléctrica, a demanda de enerxía eléctrica en Galicia ao longo de 2024 foi de 13.870 GWh, o que supuxo un incremento do 5,2% respecto ao ano anterior, e se temos en conta o proceso de rearranque progresivo das cubas en Alcoa, é de esperar entón que no 2025 tamén haxa un incremento na demanda.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/01/2026 20:46:27

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46244
Data envio: 16/01/2026 20:46:29.268

Precisamente ante este incremento xa real na demanda e o previsible a futuro para o desenvolvemento dos proxectos industriais previstos en Galicia, na Xunta de Galicia realizáronse alegacións e achegas á proposta da planificación da rede de transporte 2025-2030.

Por outra banda, en canto á electrificación do parque automobilístico, os vehículos etiqueta 0 representan o 0,8% do parque móbil de Galicia, e os de etiqueta ECO representan o 3,4%.

Porén, consideramos que este sistema de etiquetas non é o máis adecuado, e deberían mirarse os g de CO2 por km. Por este motivo, unido ás dúbidas que xorden nos compradores ante o contexto sociopolítico na industria da automoción, que leva en moitos casos aos potenciais compradores a seguir aprazando a compra dun novo vehículo, máis seguro e eficiente, a Xunta de Galicia leva varias convocatorias do Plan Renova o teu vehículo, para incentivar a renovación do parque automobilístico de Galicia.

Ademais, está claro que o autoconsumo debe xogar un papel fundamental no eido da transición enerxética. De feito, por exemplo, desde o ano 2019, o Inega leva destinados máis de 44 millóns de euros para impulsar proxectos de enerxía solar fotovoltaica dirixidas a particulares, que permitiron a concesión de 4.281 axudas.

En resumo, todas estas son cuestións que están a axudar a avanzar no cumprimento dos obxectivos da Axenda Enerxética de Galicia 2030. Así, no ano 2024 a porcentaxe de xeración de enerxía eléctrica a partir de fontes renovables foi do 84,6%, cando o obxectivo para finais da década é do 84,8%, polo que practicamente estábanse cumprindo obxectivos con seis anos de antelación".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46244
Data envio: 16/01/2026 20:46:29.268

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 20:46:29

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45913
Data envio: 15/01/2026 22:28:12.528
Data 15/01/2026 22:28

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 33888**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Óscar Insua Lema e dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"as previsións en canto á finalización da tramitación ambiental ordinaria do proxecto do porto mixto de Corcubión e á dotación da correspondente partida orzamentaria"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 11 de novembro de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro 33889, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDNjNTY0NjItM2ZiNy00MDdjLTk4NWQtYmExYjNiZDFmOTI1&start=5378.056

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre o estado da tramitación do proxecto do porto mixto de Corcubión, as solucións de Portos de Galicia respecto da seguridade dos amarres das embarcacións durante este inverno e as previsións verbo da finalización das obras".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 15/01/2026 22:28:10

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45913
Data envio: 15/01/2026 22:28:12.528

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 22:28:12

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45911
Data envio: 15/01/2026 22:28:01.353
Data 15/01/2026 22:27

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 34004**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outras deputadas do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia relacionadas coa renovación en 2025 do convenio para o mantemento da quenda de garda de atención psicolóxica urxente ás vítimas de violencia de xénero"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O primeiro que temos que dicir é que o servizo de quenda de garda psicolóxica especializada segue funcionando como sempre o fixo, e baixo ningún concepto foi suprimido, de feito volveuse a conveniar este servizo para este ano 2026.

No que se refire á rebaixa orzamentaria, esta débese a que a cantidade asignada en anos anteriores quedaba sen executar, sen que esta falta de execución poida ser imputable á Xunta de Galicia.

Hai que ter en conta que este servizo ponse en marcha polas forzas e corpos de seguridade do Estado e está deseñado para a atención psicolóxica das vítimas de violencia de xénero, fundamentalmente, no momento no que se presenta a denuncia. Polo tanto son elas as encargadas de poñer en marcha a queda de garda no momento no que esta sexa necesaria.

Dende a Xunta de Galicia, mantivemos conversas cos responsables de activar este servizo co obxecto de dinamizalo, sen embargo a Xunta carece de competencias sobre os membros das forzas e corpos de seguridade do Estado."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 15/01/2026 22:27:59

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45911
Data envio: 15/01/2026 22:28:01.353

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 22:28:01

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45909
Data envio: 15/01/2026 22:27:50.210
Data 15/01/2026 22:27

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 34088**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"a valoración que fai o Goberno galego canto á necesidade de actualizar a Lei do deporte de Galicia aos avances da lexislación estatal en materia de igualdade"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A Lei do deporte de Galicia recoñece o dereito dos cidadáns a practicar deporte de forma libre, voluntaria e democrática. Galicia tamén conta cunha Lei pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuales, bisexuales e intersexuales en Galicia, cun artigo para o deporte".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 15/01/2026 22:27:47

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45909
Data envio: 15/01/2026 22:27:50.210

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 22:27:49

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:53:26
Nº Rexistro: 47547
Data envio: 22/01/2026 17:53:26.456
Data 22/01/2026 17:53

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 34093**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e donCarlos López Font, sobre **"as previsións do Goberno galego en relación co desdobramento do tramo de estrada entre o concello de Sanxenxo e o do Grove para completar a autovía do Salnés"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia está a impulsar unha estratexia integral para mellorar a mobilidade e a ordenación territorial na contorna comprendida entre o final da Autovía do Salnés e O Grove, dando resposta ás necesidades actuais e futuras dos municipios do Grove e Sanxenxo.

Esta actuación combina intervencións viarias e medidas de integración ambiental, co obxectivo de mellorar a funcionalidade das infraestruturas, garantir unha mobilidade máis segura e fluída e preservar os valores naturais dunha zona de elevada sensibilidade ambiental.

O Goberno da Xunta luz verde o pasado 29 de decembro á declaración do Proxecto de Interese Autonómico para impulsar a mellora da funcionalidade, capacidade e integración ambiental da VG-4.1 e da PO-308 na entorna da Lanzada, que suporá un investimento de 40,4M€.

A singularidade e relevancia desta actuación impulsada pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas fai necesario utilizar unha das ferramentas das que dispón a Comunidade Autónoma a través da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, como é a do Proxecto de Interese Autonómico (PIA).

Dado o espazo no que se desenvolverá a intervención, a estratexia constará dun enfoque integral, polo que o PIA permitirá tratar de forma conxunta unha ordenación territorial que teña en conta as necesidades de mobilidade e de preservar os valores ambientais.

Trátase dun conxunto de actuacións para dar resposta ás necesidades de mobilidade nesta contorna, nos municipios do Grove e Sanxenxo, contribuíndo á maior fluidez do tráfico, especialmente no verán, época de grande afluencia turística. Ao mesmo tempo, proxectaranse accións de preservación dos valores ambientais desta zona, que pertence á Rede Natura 2000.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 22/01/2026 17:53:23

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:53:26
Nº Rexistro: 47547
Data envio: 22/01/2026 17:53:26.456

Os obxectivos fundamentais das intervencións previstas son mellorar a mobilidade global, poñendo fin ás retencións no acceso ás praias; e integrar mellor esta infraestrutura co medio natural.

En primeiro lugar, esta estratexia contempla a ampliación da capacidade da VG-4.1, entre Sanxenxo e A Lanzada, prologando a autovía ata o enlace de Noalla e cun terceiro carril entre A Lanzada e Noalla.

En segundo lugar, executarase unha ampliación a 4 carrís do tramo da estrada PO-308 entre a glorieta da V.G.-4.1 e a PO-550.

En terceiro lugar, levarase a cabo o desprazamento do cruzamento peonil no tramo que se amplía da PO-308, substituíndo o que actualmente utilizan peóns e ciclistas que acceden á praia da Lanzada polo Camiño dos Madóns. Tamén se construirá unha senda na PO-550.

En cuarto lugar, habilitarase unha senda peonil e ciclista no tramo que se amplía da PO-308, e no istmo da Lanzada da PO-316.

De xeito complementario a estas medidas viarias, no PIA tamén se incorporan actuacións ambientais de gran valor, restaurando dunas e aumentando a capacidade das drenaxes transversais da PO-550 e a V.G.- 4.1, que contribuirán á renovación de auga das zonas húmidas.

Esta actuación exemplifica o compromiso firme da Xunta de Galicia coa mellora das infraestruturas do Salnés, apostando por un desenvolvemento equilibrado que combine mobilidade, seguridade viaria, sustentabilidade ambiental e mellora da calidade de vida da cidadanía".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:53:26
Nº Rexistro: 47547
Data envio: 22/01/2026 17:53:26.456

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 17:53:26

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46242
Data envio: 16/01/2026 20:46:18.379
Data 16/01/2026 20:46

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 34095**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Carlos López Font, sobre **"o prazo en que o Goberno galego prevé a execución de obras de rehabilitación e mellora nas estradas PO-299 e PO-307 no concello da Illa de Arousa"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"As estradas PO-307 e PO-299 pertencen á rede de estradas da Xunta de Galicia. Sobre elas realízanse os traballos de conservación precisos, de acordo coas prioridades que marca o persoal técnico da Xunta de Galicia, e ademais trabállase para unha mellora da funcionalidade e seguridade das vías autonómicas, especialmente para os usuarios máis vulnerables.

A estrada PO-299 ten unha lonxitude de 2,94 Km. Discorre integramente polo Concello da Illa de Arousa e ten unha intensidade media de tráfico estimada (2024) de 2.950 veh./día. A estrada PO-307 ten unha lonxitude de 4,58 Km. Discorre polo Concello de A Illa de Arousa o treito da estrada comprendido entre o PK 3+330 e o 4+580. IMD 2024: 8.817 veh./día.

A Axencia Galega de Infraestruturas ven de rematar, a finais de 2025, as obras de Renovación da Capa de firme no marco dunha actuación desenvolvida en varios Concellos do Salnés, por un importe total de 3,3M€.

Na Illa de Arousa actuouse entre o P.Q. 3+640 e 4+560 da estrada PO-307.

Neste treito actuose:

-Nas glorietas mediante fresados puntuais de 5cm seguido de reposición con MBQ intermedia e posterior estendido de capa de rodaxe de 6cm de recrecemento.

-No resto do treito levouse a cabo fresado de 5cm e posterior reposición con MBQ intermedia. Posteriormente, estendéronse 3cm de capa de rodaxe con MBQ tipo discontinuo.

Obra xa rematada. O orzamento estimado na Illa ascendeu a uns 172.226,17€.

Recentemente tamén se rematou a obra "Reparacións de mantemento e durabilidade na ponte da Illa de Arousa PO-307 (Vilanova de Arousa - A Illa de Arousa)" entre os puntos 2+642 – 2+2622, nun contrato menor de obra, para mellorar a conservación nos apoios das pilas. As obras executáronse baixo a ponte, polo que non afectaron ao tráfico rodado ou peonil que discorría pola PO-307. Ponte que foi sometida a unha importante reparación en 2011 na PO-307, na que a Xunta investiu 11 millóns de euros.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/01/2026 20:46:15

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46242
Data envio: 16/01/2026 20:46:18.379

Respecto da PO-299, unha estrada que ten unha lonxitude de 2,94 Km e que discorre integramente polo Concello da Illa de Arousa, está previsto que se incorpore actuacións de conservación no proxecto de reforzo de firme previsto para a comarca do Salnés que está en fase de redacción".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46242
Data envio: 16/01/2026 20:46:18.379

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 20:46:18

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45907
Data envio: 15/01/2026 22:27:37.858
Data 15/01/2026 22:27

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 34097**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Carlos López Font, sobre **"a situación en que se atopa a estrada autonómica PO-213 no que concirne ao seu nivel de seguridade viaria"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A estrada PO-213 ten unha lonxitude de 15,35 km e discorre integramente polo Concello da Estrada. A intensidade estimada de tráfico (2024) oscila entre 267 e 1.065 veh/día, segundo o treito.

A Xunta de Galicia deu luz verde o pasado 1 de decembro á licitación das obras de reforzo do firme nas estradas de titularidade autonómica PO-841 e PO-213, no concello da Estrada, e na PO-840, no concello de Agolada.

As actuacións, que suporán un investimento autonómico de máis de 3,6M€, teñen como obxecto a rehabilitación da capa de rodaxe para mellorar as condicións de circulación nos distintos treitos destas dúas estradas.

De xeito máis concreto, no municipio da Estrada, estas intervencións desenvolveranse no treito de algo máis de 6,3 quilómetros de lonxitude da PO-841, desde o punto 11+760 ata o 18+085, realizando accións puntuais nas rotondas ata o punto quilométrico 21+510; e na PO-213, en varios treitos repartidos ao longo dos seus 15,3 km.

A actuación consistirá na renovación superficial do firme existente nos distintos treitos destas vías de titularidade autonómica.

Ademais, repoñeranse marcas viarias lonxitudinais e transversais, e realizaranse traballos de conservación e limpeza da drenaxe actual.

As intervencións obxecto deste contrato non implican a realización de expropiación algunha, xa que todas están incluídas dentro da franxa de dominio público.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas licitou estas obras o pasado 4 de decembro, para poder adxudicar e iniciar as obras no primeiro semestre deste ano 2026. O prazo de execución das obras é de 12 meses.

Pódese acceder á convocatoria na seguinte ligazón da Plataforma de Contratos de Galicia:

https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?OP=50&N=826807&lang=gl

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 15/01/2026 22:27:35

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45907
Data envio: 15/01/2026 22:27:37.858

Á marxe desta actuación, a Xunta de Galicia desenvolveu nos últimos anos melloras nesta estrada de reforzo de firme na PO-213.

A máis recente rematou o pasado verán: "Reforzo de firme na estrada PO-213, en varios treitos entre os PP.QQ. 3+000 e o 15+000", permitindo levar a cabo a reparación de varios treitos deteriorados da estrada entre o P.Q. 3+000 e 15+000.

Anteriormente desenvolvéronse reforzos localizados nesta estrada entre os pp.qq. 0+350 e 0+900, e 9+300 e 11+800, así como fresado e reposición no p.q. 13+600, correspondendo coa travesía da Estrada e o tramo situado entre A Ribeira e Arnois.

Tamén se estendeu un microaglomerado nos últimos anos para mellorar as características superficiais do firme en varios treitos da estrada que suman case 8 quilómetros. A actuación levouse a cabo nos seguintes tramos: 0+970, na saída do núcleo da Estrada a 1+500, 2+700 a 9+400, e 12+000 a 12+500, na zona de Ribadulla.

Todas estas actuacións evidencian o traballo do Goberno galego pola mellora das características da rede actual de estradas de titularidade autonómica, supoñendo un mantemento continuo e unha aposta certa pola mellora da seguridade viaria".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45907
Data envio: 15/01/2026 22:27:37.858

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 22:27:37

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46240
Data envio: 16/01/2026 20:46:05.901
Data 16/01/2026 20:46

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 34257**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"as medidas que prevé adoptar o Goberno galego, no marco do seu autogoberno, en relación coa intervención de Israel en Gaza"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes en resposta á pregunta oral en Pleno número 33998, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 24 de setembro de 2025, á que nos remitimos.

A resposta completa do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes pode verse nos seguintes enlaces:

https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MWE0YWFiNGYtMGQ2Yy00YmZhLWE3YTAtOGIyNGZjMTNjNjkz&start=2961

https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MWE0YWFiNGYtMGQ2Yy00YmZhLWE3YTAtOGIyNGZjMTNjNjkz&start=3285".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/01/2026 20:46:03

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46240
Data envio: 16/01/2026 20:46:05.901

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 20:46:05

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46238
Data envio: 16/01/2026 20:45:54.641
Data 16/01/2026 20:45

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 34300**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmela González Iglesias, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia no que concirne ao diálogo e á participación no proceso de creación do Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar de Galicia e do Estatuto das mulleres do sector marítimo-pesqueiro"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Lei de Igualdade de Galicia, recolle no seu artigo 179 o Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar, un órgano colexiado de asesoramento, análise e seguimento da situación das mulleres rurais e do mar en Galicia. Actualmente, o anteproxecto do decreto que regula o Observatorio atópase en fase de tramitación.

As modificacións que se levaron a cabo no Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar fixéronse para incluír na súa composición a representantes da Federación Galega de Confrarías, que integra, a través das confrarías, a maioría das mulleres profesionais dos ámbitos pesqueiro e marisqueiro.

A súa composición, como non podería ser doutro xeito, avaliouse directamente co sector, co que se mantiveron encontros para concretar a representatividade.

Precisamente, froito desas reunións e a petición do propio sector, determinouse a inclusión da Federación Galega de Confrarías de Pescadores.

Polo que, a composición do observatorio foi froito única e exclusivamente da escoita activa co sector.

A Federación Galega de Confrarías agrupa ás 63 confrarías galegas, que contan entorno a 10.750 afiliados, das que máis de 3.300 son mulleres. E que, no seu conxunto, máis de 200 mulleres están nos órganos de goberno das confrarías."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/01/2026 20:45:51

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46238
Data envio: 16/01/2026 20:45:54.641

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 20:45:54

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:53:13
Nº Rexistro: 47545
Data envio: 22/01/2026 17:53:13.237
Data 22/01/2026 17:53

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 34555**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados e deputadas, sobre **"a valoración que fai o Goberno galego da situación na que se atopa o paseo do Cantiño na Illa de Arousa"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"Portos de Galicia vén atendendo de xeito permanente as necesidades de conservación e mantemento que se producen no paseo do Cantiño, de titularidade do ente público pese a ter un uso veciñal e público, non portuario. Desde 2016 ata hoxe investíronse máis de 60.000 euros neste concepto.

Cómpre lembrar, así mesmo, que a Consellería do Mar leva investido desde 2009 máis de 10 millóns de euros nas infraestruturas portuarias da Illa de Arousa.

Atendendo ás súas competencias, Portos de Galicia asume as reparacións correspondentes ante posibles danos que poida presentar o paseo do Cantiño.

Dada a nula actividade portuaria deste espazo o Consello da Xunta aprobou en abril de 2025 a súa desafectación, logo de consensuar esta proposta co Concello da Illa, e trasladoulle esta decisión a Costas do Estado. A día de hoxe o procedemento está pendente de aprobación por parte da Administración Xeral do Estado, polo que Portos de Galicia non ten prevista a súa renovación integral.

O Concello da Illa de Arousa presentou no ano 2010 unha solicitude para que Portos de Galicia construíse un parking baixo o paseo do Cantiño. O ente público encargou un estudio de viabilidade desta proposta que concluíu que non é viable.

A proposta xeraba un escenario económico altamente optimista cunha estrutura tarifaria moi por riba da esperable na súa área de influencia. Ademais, eliminaba 412 prazas de aparcadoiro en superficie.

Ademais, no relativo á tramitación administrativa, a formula axeitada sería un concurso de obra pública. Non obstante, o Concello pode solicitar en calquera momento unha concesión e executar por si mesmo este proxecto."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 22/01/2026 17:53:10

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:53:13
Nº Rexistro: 47545
Data envio: 22/01/2026 17:53:13.237

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:53:13
Nº Rexistro: 47545
Data envio: 22/01/2026 17:53:13.237

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 17:53:13

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45905
Data envio: 15/01/2026 22:27:26.285
Data 15/01/2026 22:27

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 34667**, formulada a iniciativa de Olalla Rodil Fernández e Ariadna Fernández González, deputadas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), sobre **"Sobre se a Xunta de Galicia considera que o asistencialismo garante os dereitos da poboación dependente"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**, que ten o seguinte contido:

"A secretaria xeral técnica da consellería de Política Social e Igualdade, respondeu a unha pregunta oral sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario, en comisión 5ª celebrada o día 16/10/2025. Pódese acceder á súa resposta na seguinte ligazón: https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MmU3MjM3NTUtYjkyYS00NDJiLTk1NTUtMzI4NTA5ODJkNGQz&start=6345 ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 15/01/2026 22:27:23

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45905
Data envio: 15/01/2026 22:27:26.285

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 22:27:26

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45903
Data envio: 15/01/2026 22:27:13.019
Data 15/01/2026 22:27

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 34694** , formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, sobre **"a atención en Galiza das vítimas de violencia sexual, a avaliación dos recursos e a posta en marcha de medidas de mellora "**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE** , que ten o seguinte contido:

"A conselleira de Política Social e Igualdade respondeu a unha interpelación con número de rexistro 34697 sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario, en sesión plenaria do día 15/10/2025. Pode accederse á resposta na seguinte ligazón. https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YjBkOTU5NDMtYTBlNC00NDcyLWJkNDYtY2VkYzMxNDE4Yjcy&start=12879 ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 15/01/2026 22:27:09

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45903
Data envio: 15/01/2026 22:27:13.019

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 22:27:12

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46235
Data envio: 16/01/2026 20:45:38.118
Data 16/01/2026 20:45

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 34851**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Nicole Grueira Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **" as medidas que está a desenvolver a Xunta de Galicia para facilitar o acceso da mocidade galega á vivenda"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas** que ten o seguinte contido:

"A Xunta ten artellados un paquete de medidas para dar resposta á emexerncia habitacional que afecta ao colectivo da mocidade:

1. Polo menos o 40% das novas vivendas en alugueiro que se constrúan na Lexislatura estarán destinadas a mozos de ata 36 anos. Un 25% das vivendas en venda tamén estarán reservadas para eles.

2. Temos xa adxudicados os proxectos dos primeiros aloxamentos compartidos para mozos de Santiago de Compostela, Vigo e Lugo . Verán iniciar as obras neste novo exercicio, co obxectivo de que estean dispoñibles antes de rematar a Lexislatura.

3. Os orzamentos 2026 fan crecer un 13%, ata os 4,8 millóns de euros as axudas á compra de vivenda tanto para mozos en núcleos con menos de 10.000 habitantes, como en centros históricos ou para facilitar o acceso a vivendas protexidas. No caso da adquisición por mozos pásase dos 2,3 aos 2,8M€.

4. Do mesmo xeito, a Xunta de Galicia dispón de apoios para que a xente moza opte a avais para sufragar a primeira compra de vivenda con hipoteca. O IGVS avala ata un 20% do prezo de adquisición da vivenda, ou o seu valor de taxación, no suposto de que este sexa menor para a adquisición da primeira vivenda en propiedade. Deste xeito o mozo adquirinte poder obter un préstamo hipotecario do 100% do prezo da vivenda. Unha medida que desde o ano 2023 permitiu conceder avais por case 4 millóns de euros.

5. Rebaixamos tamén os impostos para os menores de 36 anos: a compra da vivenda habitual só paga un 0,5% en actos xurídicos documentados. No imposto de transmisións patrimoniais baixamos do 8% ao 3% e incluso ao 0% en zonas pouco poboadas

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/01/2026 20:45:35

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46235
Data envio: 16/01/2026 20:45:38.118

6. Axudas ao alugueiro xerais. Con carácter xeral o 50 %, co límite máximo de 600 / 550 / 425 euros segundo á área xeográfica na que se atope a vivenda. Para menores de 36 anos o importe da subvención incrementase en 10 punto, pasando a ser do 60 %.

7. Xunta xa adxudicou o 100% das axudas ao alugueiro da convocatoria vixente (2024-2025) do Plan de Vivenda 2024, cofinanciado con 10M€ de fondos propios.

8. E xestionamos o Bono Alugueiro Mocidade. Axuda ao pagamento do alugueiro por parte de mozos menores de 36 anos no momento de solicitar a axuda.

Un bono financiado con escasos fondos estatais: 11 M€ para 2025 e 2026 e creado sen consenso das comunidades. Antes de rematar o prazo xa estabamos a comunicar as primeiras concesións".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46235
Data envio: 16/01/2026 20:45:38.118

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 20:45:37

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45901
Data envio: 15/01/2026 22:23:31.081
Data 15/01/2026 22:23

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 34877**, formulada a iniciativa de Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, sobre **"Sobre a previsión do Goberno galego de concertar as 30 prazas dispoñibles na residencia Amencer, en Pontevedra, co seu importe actualizado segundo o novo convenio colectivo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**, que ten o seguinte contido:

"O 1 de marzo de 2024, entrou en vigor en Galicia o concerto social das prazas públicas de discapacidade, un compromiso do Goberno galego que supuxo as seguintes vantaxes para as entidades sociais:

Maiores garantías: xa que prioriza a concertación de prazas con entidades sociais sen ánimo de lucro.

Maior estabilidade para as asociación que prestan prazas: xa que ten unha vixencia de ata 10 anos

Maior financiamento: con respecto aos contratos, o concerto social supuxo un incremento do prezo das prazas do 30% respecto ao prezo fixado nos anteriores contratos

Unha vez cumprido este fito, o Goberno galego deulle prioridade a outro compromiso adquirido coas entidades sociais, unha vez en vigor o concerto social: sacar unha partida de novas prazas públicas. E fíxoo nun tempo récord, xa durante os 100 primeiros días de goberno da actual lexislatura.

Así, déuselle prioridade ás necesidades da lista de espera e á apertura de novos centros que acababan de construírse, como o de Amencer-Aspace en Pontevedra, que abriu con 12 prazas públicas, co compromiso de concertar máis en canto o orzamento o permitise.

A finais do 2024 asinouse nivel estatal un novo convenio colectivo para os traballadores da discapacidade que supuxo un incremento dos seus salarios do 10% para 2025. Este convenio, que se publicou no BOE en abril do ano 2025, supuxo ter que acometer unha revisión do concerto social para subir o prezo/praza, co fin de que as entidades poidan ter financiamento para afrontar esta suba de salarios.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 15/01/2026 22:23:28

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45901
Data envio: 15/01/2026 22:23:31.081

Esta medida supón un impacto económico considerable para as contas públicas autonómicas de máis de 7 M€ anuais, un investimento que a Xunta está a afrontar en solitario e que evidentemente non estaba contemplado no orzamento para 2025 posto que non foi ata abril dese ano cando se publicou no BOE ese novo convenio colectivo.

Polo tanto, o compromiso da Xunta de Galicia, tal e como se lle trasladou ás entidades sociais, é sacar unha nova remesa de prazas públicas, nas que estarán incluídas as de Amencer-Aspace, unha vez que entren en vigor os novos prezos. ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45901
Data envio: 15/01/2026 22:23:31.081

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 22:23:30

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46233
Data envio: 16/01/2026 20:45:24.824
Data 16/01/2026 20:45

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 34940**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"se o Goberno galego dispón dun sistema de emerxencias eficaz para afrontar situacións extremas derivadas dos efectos do cambio climático"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Poñendo por diante que o risco 0 non existe, Galicia conta con plans territoriais e especiais ante distintos riscos, e con medios humanos e materiais preparados e axeitados para facer fronte ás emerxencias.

Neste eido hai que salientar a importante inversión realizada polo Goberno galego nos últimos anos para dotar de equipamento e formación a estes servicios a pesar de que non é competencia da administración autonómica".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/01/2026 20:45:21

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46233
Data envio: 16/01/2026 20:45:24.824

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 20:45:24

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46231
Data envio: 16/01/2026 20:39:47.124
Data 16/01/2026 20:39

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 34948**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"se o Goberno galego prevé revisar o complemento retributivo dos funcionarios da Administración de Xustiza para igualar ou superar a media salarial doutras comunidades"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"No ano 2025 a Xunta de Galicia revisou o complemento autonómico transitorio (CAT) e o complemento específico do persoal ao servizo da Administración de Xustiza aprobando un incremento de 225€ mensuais para todos os corpos (medicina forense, xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial). Con esta subida, o persoal funcionario ao servizo da Administración de Xustiza en Galicia sitúase entre os que reciben mellores retribucións salariais de todo o Estado.

Este incremento, aprobado polo Consello da Xunta do 1 de decembro de 2025 tralo Acordo acadado o 1 de abril entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais SPJ-USO, STAJ, AXG-CUT, UGT, CSIF e CC.OO. para a mellora das condicións de traballo do persoal ao servizo da Administración de xustiza de Galicia, ten efectos dende o 1 de xaneiro de 2026.

O incremento producirase en tres anualidades (2026, 2027 e 2028), distribuíndo unha porcentaxe sobre o total do 40 % o primeiro ano e o 30 % nos dous seguintes, con efectos económicos cadanseu incremento o 1 de xaneiro de 2026, 2027 e 2028, ata acadar a súa totalidade no último ano, de tal forma que o persoal funcionario cobrará o primeiro ano o 40% da cantidade pactada, o segundo ano o 70%, e así ata chegar ao 100% no ano 2028.

Cabe destacar que o persoal da Administración de Xustiza de Galicia é o único de toda España que percibe na actualidade o complemento da traxectoria profesional. Ademais das convocatorias realizadas nos anos 2020, 2022 e 2024, neste ano realizarase unha nova convocatoria, publicada no DOG o 12 de xaneiro de 2026, dos graos I e II e por primeira vez do grao III da traxectoria profesional. Este recoñecemento terá efectos económicos a 1 de xaneiro de 2025, salvo o recoñecemento do grao III para o corpo de xestión procesual e administrativa e do corpo de medicina forense, que terá efectos económicos a 1 de xaneiro de 2026".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/01/2026 20:39:44

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46231
Data envio: 16/01/2026 20:39:47.124

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46231
Data envio: 16/01/2026 20:39:47.124

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 20:39:46

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46229
Data envio: 16/01/2026 20:39:36.040
Data 16/01/2026 20:39

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 34980**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Aitor Bouza Manso e don Carlos López Font, sobre **"a valoración que fai a Xunta de Galicia da execución do programa 451B no terceiro trimestre do 2024"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Como ben saben os autores da pregunta, porque xa foi explicado multitude de ocasións, para analizar a execución orzamentaria do IGVS hai que ter en conta os diferentes fondos que compoñen o orzamento do IGVS:

- Os fondos de execución anual, que se corresponden co gasto de fondos da comunidade autónoma (FCA) dos cales a execución computa na fase de pago (OK).

- Os fondos de execución plurianual, que se corresponden con fondos externos (Transferencias finalistas do Estado -TFE- e fondos do Mecanismo de recuperación e Resoliciencia -MRR-), dos cales a execución computa en fase D, que é o momento da concesión da axuda, xa que a execución das obras e os pagos fanse normalmente nas seguintes anualidades pola propia natureza das actuacións. A estes efectos, incorpóranse anualmente e non se perden.

- Fondo de cooperación cos concellos. Extrapresupostario, financiados con fianzas de arrendamentos depositadas no IGVS e que non computan na execución orzamentaria.

- Fondos de imposible execución, pendentes de liquidación co Ministerio. Trátase de fondos destinados a axudas concedidas que os adxudicatarios non xustificaron ou aos que renunciaron. Fundamentalmente son fondos dos Plans Estatais de Vivenda, cuxa execución computa en fase de compromiso (D), así se establece nos convenios asinados entre a comunidade autónoma e o Estado a efectos de xustificar o emprego dos fondos transferidos.

- Fondos do Plan de Transformación e Resiliencia (MRR) cuxa execución computa en fase de compromiso (D).

En calquera caso, a execución orzamentaria mídese no conxunto do ano e non por trimestres.

As contas do IGVS de 2024 son públicas e nas mesmas pode acceder aos datos de execución orzamentaria.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/01/2026 20:39:33

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46229
Data envio: 16/01/2026 20:39:36.040

Execución programa 451 B (2024)

Os datos de execución do IGVS correspondentes ao programa 451 B:

Os fondos de execución anual (FCA) supuxeron no ano 2024 un importe de 56.958.302,04 € e a execución foi de un 81,35 % en fase OK.

A porcentaxe de execución dos fondos estatais (TFE) acadou unha execución do 68,81 % en fase D.

Finalmente, a execución dos fondos europeos (MRR) acadou un 88,28 % en fase D".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46229
Data envio: 16/01/2026 20:39:36.040

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 20:39:35

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46227
Data envio: 16/01/2026 20:39:24.175
Data 16/01/2026 20:39

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 34986**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Aitor Bouza Manso e don Carlos López Font, sobre **"a valoración que a Xunta de Galicia fai do grao de execución do programa 451B de Acceso á vivenda, nun 5,1 % no segundo trimestre do 2025"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Como ben saben os autores da pregunta, porque xa foi explicado multitude de veces, para analizar a execución orzamentaria do IGVS hai que ter en conta os diferentes fondos que compoñen o orzamento do IGVS:

- Os fondos de execución anual, que se corresponden co gasto de fondos da comunidade autónoma (FCA) dos cales a execución computa na fase de pago (OK).

- Os fondos de execución plurianual, que se corresponden con fondos externos (Transferencias finalistas do Estado -TFE- e fondos do Mecanismo de recuperación e Resoliciencia -MRR-), dos cales a execución computa en fase D, que é o momento da concesión da axuda, xa que a execución das obras e os pagos fanse normalmente nas seguintes anualidades pola propia natureza das actuacións. A estes efectos, incorpóranse anualmente e non se perden.

- Fondo de cooperación cos concellos. Extrapresupostario, financiados con fianzas de arrendamentos depositadas no IGVS e que non computan na execución orzamentaria.

- Fondos de imposible execución, pendentes de liquidación co ministerio. Trátase de fondos destinados a axudas concedidas que os adxudicatarios non xustificaron ou aos que renunciaron. Fundamentalmente son fondos dos Plans Estatais de Vivenda, cuxa execución computa en fase de compromiso (D), así se establece nos convenios asinados entre a comunidade autónoma e o Estado a efectos de xustificar o emprego dos fondos transferidos.

- Fondos do Plan de Transformación e Resiliencia (MRR) cuxa execución computa en fase de compromiso (D).

En calquera caso, a execución orzamentaria mídese no conxunto do ano e non por trimestres.

As contas do IGVS de 2024 son públicas e nas mesmas pode acceder aos datos de execución orzamentaria.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/01/2026 20:39:21

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46227
Data envio: 16/01/2026 20:39:24.175

Execución programa 451 B (2025)

Os datos de execución do IGVS correspondentes ao programa 451 B:

Os fondos de execución anual (FCA) supuxeron no ano 2025 un importe de 87.332.476,56 € e a execución foi de un 72,52 % en fase OK.

A porcentaxe de execución dos fondos estatais (TFE) acadou unha execución do 75,56 % en fase D.

Finalmente, a execución dos fondos europeos (MRR) acadou un 98,69 % en fase D".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46227
Data envio: 16/01/2026 20:39:24.175

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 20:39:23

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46224
Data envio: 16/01/2026 20:39:07.262
Data 16/01/2026 20:39

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 35044**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, don Aitor Bouza Manso e don Carlos López Font, sobre **"o estado en que están as avenidas Cambados (PO-549), Agustín Romero (PO-301) e Rosalía de Castro (PO-548), no concello de Vilagarcía de Arousa"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A PO-548 conecta Pontecesures con Vilagarcía. Ten unha lonxitude total de 19 km, dos cales 7 km deles discorren polo Concello de Vilagarcía, soportando un tráfico medio diario duns 7.200 vehículos.

A PO-548 efectivamente ten moita relevancia funcional (une Vilagarcía con Carril) e paisaxística ao ir paralelo á Praia de Compostela.

Nesta mesma estrada, a PO-548, a Xunta rematou en maio de 2023 unha operación de reforzo de firme localizado en diferentes treitos cun investimento total de 1,5 M€ (0,33 M€ en Vilagarcía).

Entre o 2014 e 2017 a Xunta investiu un total de 2,5 M€ en outras actuacións de reforzo de firme, mellora de intersecções e reposición de marcas viais nesta estrada PO-548 (0,6 M€ no Concello de Vilagarcía).

Ademais, no eido da seguridade viaria vimos de rematar no 2025 a mellora da mobilidade peonil na intersección das Estradas PO-548 e PO-192, cun orzamento 0,33M€. O que deu resposta inmediata a unha problemática histórica, axudando a conectar o tránsito peonil da PO-192 (Bamio) coa PO-548 (Carril).

A maiores estase a preparar a orde de estudo para a redacción da memoria valorada "Ampliación de beirarrúas ata o núcleo urbano de Carril na PO-548, p.k. 16+640 – 16+850". Realizarase unha prolongación da beirarrúa existente (p.q. 16+640), ata conectar coas beirarrúas existentes no núcleo de Carril (p.q. 16+850), mediante un itinerario de 1.8 m de ancho en formigón. Preténdese executar de forma simultánea a mellora de paradas de autobús, de modo que se complete o itinerario ata as beirarrúas de Carril, entre as Rúas Carmen Meaños e Rúa Rosa.

Asemade, e respecto das outras estradas citadas, entre os anos 2022 e 2023 executouse na Avenida de Cambados (PO-549) as obras de reparación de beirarrúas cun orzamento de 1,24M€, que permitiu completar as beirarrúas na PO-549 entre Vilagarcía e Vilanova de Arousa. O investimento estimado no concello de Vilagarcía foi duns 250.000 €.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/01/2026 20:39:04

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46224
Data envio: 16/01/2026 20:39:07.262

Así tamén se creou un Paso de Peóns Semaforizado en Sobrán no ano 2021 na PO-549, dando resposta ás reclamación dos veciños de Miramar que pedían mellorar o cruce peonil da estrada.

Por outra banda, respecto da PO-301, o pleno do pasado 27 de febreiro debateu unha moción presentada polo BNG para a mellora das beirarrúas e o asfalto. Si ben é certo que a citada moción foi emendada e o concello en pleno acordou elaborar un proxecto de mellora da mobilidade interurbana, sinalización e mellora da seguridade viaria nas marxes da PO-301 ao seu paso pola Av. Agustín Romero e a Av. de Cornazo e remitírllo á Xunta de Galicia para o seu estudo e busca de financiamento. Non se recibiu por parte da Xunta o citado proxecto.

En conclusión, nas humanizacións de travesías hai que considerar o contexto. Hai que destacar que o Estado que non permitiu acometer actuacións de melloras de travesías en estradas autonómicas con fondos Next Generation, algo que si que se permitiu a sí mesmo en travesías de estradas estatais, pero que curiosamente non aplicou para a travesía da nacional N-640 en Vilagarcía.

O Concello, como xa se indicou no propio Parlamento de Galicia no mes de Abril en Comisión 2º, debe elaborar propostas concretas de mellora da mobilidade interurbana, sinalización e mellora da seguridade viaria nas marxes das travesías autonómicas en Vilagarcía. A conselleira de vivenda e planificación así o acordou na última audiencia que mantivo co alcalde de Vilagarcía".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46224
Data envio: 16/01/2026 20:39:07.262

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 20:39:07

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46222
Data envio: 16/01/2026 20:38:55.288
Data 16/01/2026 20:38

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 35048**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"a eventual colaboración do Goberno galego co Concello de Ribadumia co fin de dotar o corpo de Protección Civil desta localidade dunha nova sede que reúna as condicións axeitadas para o labor que desenvolve"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local establece que a competencia en materia de protección civil recae nos concellos.

A pesar de tratarse dunha competencia municipal, hai que salientar que a Xunta de Galicia colabora activamente no fortalecemento dos servizos locais de protección civil a través de diferentes liñas de axuda".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/01/2026 20:38:52

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46222
Data envio: 16/01/2026 20:38:55.288

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 20:38:55

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:50:26
Nº Rexistro: 47539
Data envio: 22/01/2026 17:50:26.981
Data 22/01/2026 17:50

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 35051**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona Patricia Iglesias Rey e dona Lara Méndez López, sobre **"o criterio do Goberno galego respecto do papel que representa o crecemento das áreas industriais de Pontevedra no futuro económico da comarca"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A dispoñibilidade de solo empresarial nos lugares e condicións adecuadas, e a prezos alcanzables, é unha das cuestións prioritarias que poden afectar ao desenvolvemento de proxectos empresariais. Por esta razón, a Xunta de Galicia está a levar diversas actuacións dirixidas a aumentar a dispoñibilidade de solo ao longo de toda a Comunidade Autónoma, que facilite a implantación e crecemento das empresas, e contribúa á creación de emprego, especialmente no sector empresarial.

Ao igual que no resto de comarcas de Galicia, no caso da de Pontevedra, a Xunta de Galicia considera importante desenvolver actuacións dirixidas a aumentar a dispoñibilidade de solo empresarial.

En relación ás medidas desenvolvidas pola Xunta de Galicia, a planificación do solo empresarial realízase a través do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOAEG). Este instrumento planifica e localiza a superficie de solo empresarial de carácter supramunicipal, e define os ámbitos do territorio susceptibles de acoller actuacións deste tipo para cubrir as necesidades a longo prazo. O desenvolvemento do solo empresarial nas áreas empresariais de interese autonómico vén regulado principalmente na Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia. Polo tanto, o desenvolvemento do solo empresarial depende das tramitacións dos procedementos administrativos previstos na normativa, así como da dispoñibilidade de recursos orzamentarios e da priorización derivada das necesidades reais de solo empresarial nas distintas zonas da Comunidade Autónoma.

Ademais, a Xunta de Galicia ten impulsado tamén a creación doutras figuras que facilitan a implantación de actividades industriais no territorio de Galicia, como os proxectos industriais estratéxicos, definidos como iniciativas empresariais que se estime que teñen tal carácter pola súa función no desenvolvemento, implantación ou execución da política industrial autonómica e a súa incidencia económica ou social e que cumpran unha serie de requisitos establecidos no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2015, de 12 de febreiro.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 22/01/2026 17:50:24

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:50:26
Nº Rexistro: 47539
Data envio: 22/01/2026 17:50:26.981

Nesta liña, na Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas inclúese a modificación do Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en política industrial, engadindo a posibilidade de tramitación conxunta de proxectos de interese autonómico para a creación de solo empresarial e proxectos industriais estratéxicos. Poñendo deste xeito a disposición do tecido empresarial unha posibilidade de desenvolver solo de xeito áxil con redución de prazos.

Igualmente na citada Lei 5/2024, inclúense, entre as medidas temporais e excepcionais dirixidas á creación de solo empresarial, os proxectos de interese autonómico para a creación de solo empresarial en municipios rurais cunha tramitación simplificada, na cal posibilítase a redución dos prazos xerais para actuacións de solo empresarial en municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes para crear unha área empresarial de ata 5 ha.

A Xunta de Galicia promoveu o parque empresarial do Campiño, fases I e II. A ampliación do Campiño é unha actuación incluída no PSOAEG. En desenvolvemento desta previsión do PSOAEG a Xunta de Galicia a través de Xestión do Solo de Galicia SA (en diante, Xestur) está a ampliar o parque empresarial do Campiño, téndose xa licitada a redacción dos instrumentos do Plan Estruturante de Ordenación de Solo Empresarial (PEOSE), así como os correspondentes proxectos de desenvolvemento e urbanización.

Durante a redacción do PEOSE foi necesario adaptar a planificación inicial debido a que se detectaron distintas afeccións sectoriais que condicionan a posibilidade de desenvolver o ámbito completo previsto no PSOAEG. O borrador do documento foi presentado por Xestur e a Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial ao Concello de Pontevedra, en xullo de 2025, nunha reunión na que se informou ao Concello do contido definitivo do PEOSE, procurándose consensuar solucións en materia de saneamento e dotación de recursos hídricos necesarios para dar servizo ao parque, un paso necesario previo á avaliación ambiental. Con data 3 de outubro 2025 foi solicitado pola Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial o inicio da avaliación ambiental estratéxica do PEOSE. En consecuencia o órgano ambiental iniciou consultas con data 14 de outubro 2025 que finalizaron o 25 de novembro 2025.

Por outra banda, en desenvolvemento da previsión do PSOAEG estase promovendo o parque empresarial de Fragamoreira (Poio). Xestur licitou a redacción dos instrumentos de planeamento (PEOSE), así como os proxectos de desenvolvemento e urbanización. O PEOSE encóntrase actualmente en tramitación. O 4 de setembro de 2025, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade emitiu o informe ambiental estratéxico que se fixo público mediante o Anuncio do 5 de setembro de 2025, (DOG núm. 183, do 23 de setembro).

Mediante a Resolución do 24 de setembro de 2025, da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, acórdase aprobar inicialmente o PEOSE do parque empresarial de Fragamoreira, para os efectos establecidos na Lei 3/2022, de 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:50:26
Nº Rexistro: 47539
Data envio: 22/01/2026 17:50:26.981

O PEOSE foi sometido a información pública mediante Anuncio do 24 de setembro de 2025, da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, (DOG Núm. 193 do 7 de outubro de 2025).

Ademais, a Xunta de Galicia, a través de Xestur está a impulsar diferentes proxectos para dotar a comarca de Pontevedra de solo empresarial, neste contexto, o pasado mes de maio, adxudicou o proxecto de reurbanización de 86.964 m2 no antigo Centro de Transporte e Terminal Intermodal de Ponte Caldelas (Pontevedra), que está ao carón do Polígono do Campiño e o parque empresarial da Reigosa (Ponte Caldelas).

Estes desenvolvementos estanse levando a cabo a pesar de que na área de Pontevedra non se esgotou o solo industrial público. Xestur promoveu o parque empresarial da Reigosa en Ponte Caldelas, que foi rematado en 2010, e no que, a día de hoxe, aínda hai solo dispoñible. No derradeiro concurso de alleamento de solo industrial de Xestur de outubro de 2024 só se presentou unha solicitude de solo empresarial na comarca de Pontevedra, tras este concurso de alleamento quedan sete parcelas dispoñibles na área empresarial.

Estas actuacións compleméntanse con outros desenvolvementos urbanísticos de solo empresarial que a Xunta de Galicia está a promover na provincia de Pontevedra. Así, está a desenvolver a Fase IV do parque empresarial de Lalín 2000 (316.960 m2), que se encontra en fase de licitación de obras de urbanización. Ademais, encóntrase en tramitación o instrumento urbanístico para a ampliación do parque empresarial de Toedo (A Estrada), con 156.685 m2 e o de Louredo-Mos, con 479.464 m2. Tamén están en licitación a redacción do PEOSE da ampliación do polígono industrial do Pousadoiro en Vilagarcía de Arousa, cunha previsión de ampliar 212.254 m2 de solo industrial; e a licitación da denominada MI, área multifuncional industrial, da PLISAN coa previsión de ampliala en 1.072.773 m2. En definitiva, nos vindeiros anos porase á disposición das empresas case tres millóns de metros cadrados adicionais de solo empresarial na provincia de Pontevedra".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:50:26
Nº Rexistro: 47539
Data envio: 22/01/2026 17:50:26.981

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 17:50:26

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45899
Data envio: 15/01/2026 22:23:18.371
Data 15/01/2026 22:23

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 35067**, formulada a iniciativa de Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Socialista de Galicia e outros deputados e deputadas, sobre **"Sobre a valoración que fai o Goberno galego do grao de desenvolvemento da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**, que ten o seguinte contido:

"A lexislación de igualdade aprobada mellorou cualitativamente e cuantitativamente a promoción da igualdade de xénero. Cuantitativamente porque se pasou dos 104 artigos do Decreto lexislativo 2/2015 a os 181 actuais.

Cualitativamente porque incorporou áreas e servizos non identificados na normativa do ano 2015; por exemplo o sector turístico, a dixitalización da economía, as políticas ambientais e de ordenación do territorio, infraestruturas e mobilidade, as actividades de lecer, o establecemento de cláusulas de igualdade de xénero na contratación administrativa e no réxime autonómico de subvencións, a elaboración dunha conta satélite de produción doméstica, a defensa dos dereitos de igualdade por parte de persoas interesadas, ou a integración na Lei da organización propia da igualdade, e a garantía institucional que este Parlamento pode realizar a través do Valedor do Pobo, etc.

Ademais desas novidades en temas xa desenvolvidos integráronse medidas para mellorar a integración da igualdade na vida. Así os Informes de Impacto de Xénero que antes so eran obrigatorios para a lexislación e os regulamentos, agora permite realizarse para os plans de especial relevancia económica, social ou cultural, e para as ofertas e emprego público, tamén é posible para a organización que elabora a norma solicitar informes complementarios que antes non estaban previstos, ou mellorar o informe dos orzamentos xerais. Neste punto compre dicir, que a lei obriga a que o texto normativo ou plan, salvo as proposicións de lei que corresponden ao Parlamento estean acompañadas dunha ampla avaliación do impacto de xénero que repasa toda a lei, que facilita a organización coñecer o impacto real de xénero que a norma vai ter.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 15/01/2026 22:23:15

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45899
Data envio: 15/01/2026 22:23:18.371

A formación en igualdade ten acadado rango legal, non obrigatorio como quere o PSOE, porque a regulamentación vixente desde o ano 2017 neste ámbito está amosando que o persoal está interesado en ter formación en igualdade, formación que desde o ano 2019, da lugar a un recoñecemento automático de nivel de formación por parte do persoal empregado público.

No caso dos medios de comunicación social establécense dúas condicións unha a habitual de que acorden autorregulacións neste ámbito e outra mais práctica que implica que a axuda pública implica a obriga do beneficiario de transmitir unha imaxe igualitaria.

Os Centros de Información á muller e os organismos colexiados aparecen integrados tamén na lei, o que permite unha maior transparencia e unha maior protección do dereito á igualdade de xénero.

Estamos ante unha lexislación moi completa, que xa está permitindo unha transformación da xestión das competencias de igualdade. ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45899
Data envio: 15/01/2026 22:23:18.371

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 22:23:18

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:48:20
Nº Rexistro: 47535
Data envio: 22/01/2026 17:48:20.127
Data 22/01/2026 17:48

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 35281**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, don Aitor Bouza Manso e don Carlos López Font, sobre **"o significado do novo ámbito do plan do parque empresarial de Fragamoreira, no concello de Poio, comunicado pola Xunta de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A dispoñibilidade de solo empresarial nos lugares e condicións adecuadas, e a prezos alcanzables, é unha das cuestións prioritarias que poden afectar ao desenvolvemento de proxectos empresariais. Por esta razón, a Xunta de Galicia está a levar diversas actuacións dirixidas a aumentar a dispoñibilidade de solo ao longo de toda a Comunidade Autónoma, que facilite a implantación e crecemento das empresas, e contribúa á creación de emprego, especialmente, no sector empresarial.

En relación ás medidas desenvolvidas pola Xunta de Galicia, a planificación do solo empresarial realízase a través do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOAEG). Este instrumento planifica e localiza a superficie de solo empresarial de carácter supramunicipal, e define os ámbitos do territorio susceptibles de acoller actuacións deste tipo para cubrir as necesidades a longo prazo. O desenvolvemento do solo empresarial nas áreas empresariais de interese autonómico vén regulado principalmente na Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia. Polo tanto, o desenvolvemento do solo empresarial depende das tramitacións dos procedementos administrativos previstos na normativa, así como da dispoñibilidade de recursos orzamentarios e da priorización derivada das necesidades reais de solo empresarial nas distintas zonas da Comunidade Autónoma.

En relación á área empresarial de Fragamoreira, en Poio, cómpre sinalar que, mediante acordo do Pleno do Concello, en sesión realizada o 26 de xuño de 2012, foi aprobado definitivamente un plan parcial en desenvolvemento das previsións do plan xeral de ordenación municipal para o solo urbanizable Nº 1 (SUZI-1) para desenvolver o parque empresarial de Fragamoreira. O devandito plan parcial foi sometido a avaliación ambiental e, mediante Resolución do 31 de agosto de 2009 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, foi aprobada a memoria ambiental correspondente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica do plan parcial. Non obstante, a ordenación prevista no plan parcial non chegou a executarse, polo que, a avaliación ambiental está caducada e, en consecuencia, requírese nova tramitación.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 22/01/2026 17:48:17

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:48:20
Nº Rexistro: 47535
Data envio: 22/01/2026 17:48:20.127

Por outra banda, o PSOAEG vixente inclúe o ámbito do parque empresarial de Fragamoreira, con código de actuación 36041011, declarando deste xeito a Xunta de Galicia o interese autonómico desta área empresarial e habilitando a posibilidade de desenvolvemento mediante ordenación territorial.

En desenvolvemento da previsión do PSOAEG a Xunta de Galicia está promovendo o parque empresarial de Fragamoreira. Xestur licitou a redacción dos instrumentos de planeamento (PEOSE), así como os proxectos de desenvolvemento e urbanización. O documento urbanístico de ordenación territorial encóntrase actualmente en tramitación. Con data 26 de maio de 2025 foi remitido, desde a Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, o borrador do Plan Estruturante de Ordenación de Solo Empresarial (PEOSE) xunto co seu documento ambiental estratéxico, para o inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada. O 4 de setembro de 2025, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade emitiu o informe ambiental estratéxico e fíxose público mediante o Anuncio do 5 de setembro de 2025, (DOG núm. 183, do 23 de setembro). Mediante a Resolución do 24 de setembro de 2025, da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, acórdase aprobar inicialmente o PEOSE do parque empresarial de Fragamoreira, para os efectos establecidos na Lei 3/2022, de 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia. O PEOSE foi sometido a información pública mediante Anuncio do 24 de setembro de 2025, da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, (DOG Núm. 193 do 7 de outubro de 2025).

Respecto da ordenación proposta no PEOSE cómpre salientar que os cambios normativos dende o período no que se tramitou o antigo plan parcial polo Concello de Poio (2009-2012) e a actual tramitación na Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial (2025) fan que esta ordenación estea adaptada á normativa e ás esixencias vixentes.

Ademais, a Xunta de Galicia ten impulsado tamén a creación doutras figuras que facilitan a implantación de actividades industriais no territorio de Galicia, como os proxectos industriais estratéxicos, definidos como iniciativas empresariais que se estime que teñen tal carácter pola súa función no desenvolvemento, implantación ou execución da política industrial autonómica e a súa incidencia económica ou social e que cumpran unha serie de requisitos establecidos no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2015, de 12 de febreiro.

Nesta liña, na Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas inclúese a modificación do Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en política industrial, engadindo a posibilidade de tramitación conxunta de proxectos de interese autonómico para a creación de solo empresarial e proxectos industriais estratéxicos. Poñendo, deste xeito, a disposición do tecido empresarial unha posibilidade de desenvolver solo de xeito áxil con redución de prazos.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:48:20
Nº Rexistro: 47535
Data envio: 22/01/2026 17:48:20.127

Igualmente na citada Lei 5/2024, inclúense, entre as medidas temporais e excepcionais dirixidas á creación de solo empresarial, os proxectos de interese autonómico para a creación de solo empresarial en municipios rurais cunha tramitación simplificada, na cal posibilítase a redución dos prazos xerais para actuacións de solo empresarial en municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes para crear unha área empresarial de ata 5 ha".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:48:20
Nº Rexistro: 47535
Data envio: 22/01/2026 17:48:20.127

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 17:48:19

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45897
Data envio: 15/01/2026 22:23:05.342
Data 15/01/2026 22:23

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 35287**, formulada a iniciativa de Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, sobre **" a xustificación que fai o Goberno galego da baixa execución da partida 313D de apo io ás vítimas de violencia de xénero no 2º trimestre de 2025"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**, que ten o seguinte contido:

"A partida orzamentaria 313D atende a todas as partidas da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, e non a unha concreta e determinada. É dicir, todos os importes económicos que se destinan a políticas de violencia de xénero levan a numeración 313D.

O orzamento desta Dirección estase executando con plena normalidade e con alto grado de execución.

Por outra banda, resulta incerto que se houberan diminuído as campañas de prevención e sensibilización. De feito, e respecto ao ámbito educativo, dende o ano 2014 as campañas aumentaron un 36%. Entre elas, destacan: a campaña agresión OFF, o protocolo de ocio nocturno, puxemos en marcha campañas de sensibilización contra a violencia de xénero a pe das rúas, puntos lila, campañas permanentes de prevención e sensibilización contra a violencia de xénero nos concellos, dinamizamos as mesas locais de coordinación interinstitucional, creamos un novo recurso educativo con vítimas reais que prestan a súa experiencia e relato nos centros de educación.

Eses son algúns dos exemplos que demostran que as políticas de prevención, sensibilización, e detección contra a violencia de xénero son unha prioridade para o Goberno galego. ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 15/01/2026 22:23:02

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45897
Data envio: 15/01/2026 22:23:05.342

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 22:23:05

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45896
Data envio: 15/01/2026 22:22:58.698
Data 15/01/2026 22:22

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 35321**, a iniciativa de Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, sobre **"a resolución denegatoria que o Goberno galego debe ditar ao proxecto industrial de Altri pola súa inviabilidade na planificación de infraestruturas eléctricas 2025-2030"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia é unha Administración que respecta os procedementos previstos na normativa vixente, e os aplica coas máximas garantías de obxectividade e transparencia na súa actuación administrativa. Dentro destes procedementos inclúese o procedemento de aprobación dos proxectos industriais estratéxicos, baixo o que se están a tramitar diversas iniciativas empresariais ás que se lles recoñece que, polas súas características, de implantarse, terían un elevado impacto económico e de creación de emprego na economía galega. Non obstante, este recoñecemento non implica ningunha rebaixa nos requirimentos ambientais, técnicos ou de ningún outro tipo, que fixa a normativa vixente, e que se exixen a todos os proxectos industriais, sexan ou non declarados como estratéxicos.

Polo tanto, en todos os casos de proxectos industriais estratéxicos en tramitación, incluído o proxecto indicado na pregunta, a Xunta de Galicia desenvolve as súas competencias de forma obxectiva e garantindo o principio básico de responsabilidade pola xestión pública, sen outro obxectivo que aplicar a normativa vixente en todos os casos, tanto a aplicable no ámbito industrial, como ambiental, de saúde pública e, en xeral, e de protección dos valores patrimoniais e naturais.

E, neste contexto, os próximos pasos na tramitación do dito procedemento administrativo serán os que corresponda facer de forma obxectiva e transparente, e atendendo ás circunstancias e características concretas do proxecto. Cómpre lembrar que se trata dun procedemento regrado na normativa vixente, con trámites perfectamente definidos, polo que os momentos nos que se van avanzando nos expedientes derivan de cuestións técnicas e non políticas.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 15/01/2026 22:22:55

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45896
Data envio: 15/01/2026 22:22:58.698

Por outra parte, en relación á Planificación da Rede eléctrica 2025-2030, partindo dun escenario no que a vixente planificación da rede de transporte para o período 2021-2026 discriminou de xeito significativo a Galicia, ao prever menos dun 1% de investimento (incrementado a un 2,5% posteriormente coas modificacións aprobadas en abril de 2024) en redes na nosa Comunidade, fronte ao 6,7% no período anterior, a nova proposta para o horizonte 2030 de planificación amosa unha continuidade nesta liña discriminatoria, acadando a nosa Comunidade como máximo un investimento do 2,8% do total previsto na planificación.

Esta discriminación dáse tanto tendo en conta o volume de investimento como en canto ao destino deste, da seguinte maneira:

1. En relación co volume de investimento:

Para calcular un investimento equitativo na nosa Comunidade deberíase, cando menos, igualar este 6,7% do período 2015-2020, tendo en conta os seguintes factores:

- Segundo datos de Rede Eléctrica Galicia aportou, no ano 2024, o 8,8% da xeración enerxética a nivel nacional, destacando en incrementos na súa produción renovable. Especialmente, Galicia foi a comunidade autónoma con maior xeración eléctrica a partir da forza da auga (10.131 GWh), o 29% de toda a produción hidráulica nacional.

- Se a este contexto sumámoslle a necesidade de dar resposta ás demandas dos proxectos industriais (moitos deles cualificados como estratéxicos pola Xunta de Galicia) e á capacidade de evacuación de proxectos de xeración de enerxía a partir de fontes renovables, incluídos os almacenamentos e a eólica mariña, incrementar o investimento na nova planificación é esencial para a nosa Comunidade Autónoma.

2. En relación co destino do investimento en Galicia:

Unha gran parte das actuacións recollidas nesta proposta para Galicia van dirixidas ao reforzo da seguridade e estabilidade do sistema e apoio ás redes de distribución.

Segundo datos facilitados polo Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (MITERD), as actuacións recollidas na Planificación en Galicia permitirán que afloren 1.899 MW novos de capacidade de demanda. Con todo, as demandas da Comunidade eran superiores aos 8.000 MW.

Entendemos que nos 1.899 MW inclúese tamén a capacidade xerada polos investimentos xa planificados previamente (e definidos no documento como rede de partida) e que serán postos en marcha neste período, polo que a capacidade real da

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45896
Data envio: 15/01/2026 22:22:58.698

nova planificación poderíase reducir a máis da metade. Ademais, cómpre destacar que a capacidade da rede de transporte non se publica, polo que se descoñece a capacidade dispoñible neste momento.

Tendo en conta o anterior, e aínda que se valora moi positivamente a principal actuación na planificación en Galicia, unha nova subestación (Ardora) de 400 kV e de 220 kV na zona da Coruña, non se clarifica se con estas futuras actuacións se poderán atender a todas as demandas industriais, e ademais o borrador ignora propostas relevantes para o desenvolvemento industrial e enerxético da Comunidade:

- A zona central e oeste da provincia de Lugo segue sen dispoñer de ningunha subestación de transporte que permita dar solución ás necesidades enerxéticas de calquera proxecto cun consumo relativamente elevado na zona, o que condena o futuro industrial desta provincia.
- Isto tamén afecta a zona de Curtis-Teixeiro, zona con solo empresarial e gran interese en desenvolver proxectos de hidróxeno verde ou centros de datos (cun elevado consumo enerxético), pero que, ao estar en antena, ten dificultades para atopar unha solución técnica. Esta solución podería pasar precisamente por unha nova subestación na zona de Lugo que permitise o mallado da rede.
- Resulta necesario dar resposta aos proxectos de bombeo reversible previstos en Galicia.
- E tamén resulta preciso dar resposta aos numerosos proxectos industriais en marcha en Galicia, moitos deles declarados estratéxicos pola Xunta de Galicia, pero que as súas necesidades enerxéticas non se ven atendidas nesta planificación.

Polo exposto, a Xunta de Galicia realizou alegacións, o pasado 16 de decembro, á proposta da planificación. A Xunta sempre apoiará o desenvolvemento das infraestruturas enerxéticas que permitan o desenvolvemento industrial e baixo unha óptica de sustentabilidade, pero polo exposto, a proposta de planificación é insuficiente.

Dentro das diferentes propostas que a Xunta de Galicia veu realizando nos últimos anos ao Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (MITERD), non só para a Planificación 2025-2030, senón tamén 2021-2026, inclúense importantes proxectos que requiren a mellora urxente de infraestruturas para poder implantarse en Galicia, e que poden supoñer un importante incremento na actividade industrial de Galicia e na xeración de emprego. Entre eles atópanse, entre outros, proxectos

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45896
Data envio: 15/01/2026 22:22:58.698

industriais relacionados co hidróxeno verde ou os seus derivados, unha planta de grafito para baterías, unha microacería, ou centrais de bombeo reversibles. ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45896
Data envio: 15/01/2026 22:22:58.698

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 22:22:58

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46221
Data envio: 16/01/2026 20:38:49.273
Data 16/01/2026 20:38

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 35327**, formulada a iniciativa de Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, sobre **"a previsión da Xunta de Galicia de apoiar a nova planificación de infraestruturas eléctricas para o reforzo da red en Galicia e a atracción de proxectos industriais sostibles"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA,**que ten o seguinte contido:

"Partindo dun escenario no que a vixente planificación da rede de transporte para o período 2021-2026 discriminou de xeito significativo a Galicia, ao prever menos dun 1% de investimento (incrementado a un 2,5% posteriormente coas modificacións aprobadas en abril de 2024) en redes na nosa Comunidade, fronte ao 6,7% no período anterior, a nova proposta para o horizonte 2030 de planificación amosa unha continuidade nesta liña discriminatoria, acadando a nosa Comunidade como máximo un investimento do 2,8% do total previsto na planificación.

Esta discriminación dáse tanto tendo en conta o volume de investimento como en canto ao destino deste, da seguinte maneira:

1. En relación co volume de investimento:

Para calcular un investimento equitativo na nosa Comunidade deberíase, cando menos, igualar este 6,7% do período 2015-2020, tendo en conta os seguintes factores:

- Segundo datos de Rede Eléctrica Galicia aportou, no ano 2024, o 8,8% da xeración enerxética a nivel nacional, destacando en incrementos na súa produción renovable. Especialmente, Galicia foi a comunidade autónoma con maior xeración eléctrica a partir da forza da auga (10.131 GWh), o 29% de toda a produción hidráulica nacional.

- Se a este contexto sumámoslle a necesidade de dar resposta ás demandas dos proxectos industriais (moitos deles cualificados como estratéxicos pola Xunta de Galicia) e á capacidade de evacuación de proxectos de xeración de enerxía a partir de fontes renovables, incluídos os almacenamentos e a eólica mariña, incrementar o investimento na nova planificación é esencial para a nosa Comunidade Autónoma.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/01/2026 20:38:46

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46221
Data envio: 16/01/2026 20:38:49.273

2. En relación co destino do investimento en Galicia:

Unha gran parte das actuacións recollidas nesta proposta para Galicia van dirixidas ao reforzo da seguridade e estabilidade do sistema e apoio ás redes de distribución.

Segundo datos facilitados polo Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (MITERD), as actuacións recollidas na Planificación en Galicia permitirán que afloren 1.899 MW novos de capacidade de demanda. Con todo, as demandas da Comunidade eran superiores aos 8.000 MW.

Entendemos que nos 1.899 MW inclúese tamén a capacidade xerada polos investimentos xa planificados previamente (e definidos no documento como rede de partida) e que serán postos en marcha neste período, polo que a capacidade real da nova planificación poderíase reducir a máis da metade. Ademais, cómpre destacar que a capacidade da rede de transporte non se publica, polo que se descoñece a capacidade dispoñible neste momento.

Tendo en conta o anterior, e aínda que se valora moi positivamente a principal actuación na planificación en Galicia, unha nova subestación (Ardora) de 400 kV e de 220 kV na zona da Coruña, non se clarifica se con estas futuras actuacións se poderán atender a todas as demandas industriais, e ademais o borrador ignora propostas relevantes para o desenvolvemento industrial e enerxético da Comunidade:

- A zona central e oeste da provincia de Lugo segue sen dispoñer de ningunha subestación de transporte que permita dar solución ás necesidades enerxéticas de calquera proxecto cun consumo relativamente elevado na zona, o que condena o futuro industrial desta provincia.
- Isto tamén afecta a zona de Curtis-Teixeiro, zona con solo empresarial e gran interese en desenvolver proxectos de hidróxeno verde ou centros de datos (cun elevado consumo enerxético), pero que, ao estar en antena, ten dificultades para atopar unha solución técnica. Esta solución podería pasar precisamente por unha nova subestación na zona de Lugo que permitise o mallado da rede.
- Resulta necesario dar resposta aos proxectos de bombeo reversible previstos en Galicia.
- E tamén resulta preciso dar resposta aos numerosos proxectos industriais en marcha en Galicia, moitos deles declarados estratéxicos pola Xunta de Galicia, pero que as súas necesidades enerxéticas non se ven atendidas nesta planificación.

Polo exposto, a Xunta de Galicia realizou alegacións, o pasado 16 de decembro, á proposta da planificación. A Xunta sempre apoiará o desenvolvemento das

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46221
Data envio: 16/01/2026 20:38:49.273

infraestruturas enerxéticas que permitan o desenvolvemento industrial e baixo unha óptica de sustentabilidade, pero polo exposto, a proposta de planificación é insuficiente.

En relación ao procedemento de aprobación do proxecto ao que se fai referencia na pregunta, a Xunta de Galicia é unha Administración que respecta os procedementos previstos na normativa vixente, e os aplica coas máximas garantías de obxectividade e transparencia na súa actuación administrativa. Dentro destes procedementos inclúese o procedemento de aprobación dos proxectos industriais estratéxicos, baixo o que se están a tramitar diversas iniciativas empresariais ás que se lles recoñece que, polas súas características, de implantarse, terían un elevado impacto económico e de creación de emprego na economía galega. Non obstante, este recoñecemento non implica ningunha rebaixa nos requirimentos ambientais, técnicos ou de ningún outro tipo, que fixa a normativa vixente, e que se exixen a todos os proxectos industriais, sexan ou non declarados como estratéxicos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46554
Data envio: 19/01/2026 14:55:27.791

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 14:55:27

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46564
Data envio: 19/01/2026 15:02:24.591
Data 19/01/2026 15:02

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 36615**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Gonzalo Trenor López e outros deputados e deputadas, sobre **"as razóns que levan o Goberno galego a non participar na convención "Por un pacto de Estado fronte á emerxencia climática", organizada polo Goberno de España"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta xa vén actuando para que Galicia estea á vangarda climática e por iso laméntase que o único que ofreza o Goberno central ante os retos que supón o cambio climático sexa un novo pacto grandilocuente e propagandístico cando non foi quen de concretar o que ofreceu en 2022.

Daquela, a través dun Real Decreto, o Goberno central anunciou que impulsaría un marco de acción común a nivel estatal nun contexto de emerxencia e riscos crecentes derivados do cambio climático.

Por exemplo, comprometíase a aprobar unhas directrices para implantar un sistema de xestión de emerxencias común. E regulaba que as CCAA elaborarían plans anuais para a prevención, vixilancia e extinción de incendios forestais, previa aprobación polo Ministerio dunhas directrices comúns. Nada disto foi feito.

No novo pacto, ao igual que no RDL de 2022, o Goberno central inclúe medidas grandilocuentes pero contraditorias coas súas políticas.

Defende a promoción do pastoreo extensivo cando a Lei estatal de avaliación ambiental pon trabas a esta actividade; e cando resulta dificilmente compatible coa protección extrema do lobo.

Avoga por acelerar a transición climática en España cando non traspuxo aínda a directiva europea de enerxía renovable, nin declarou o interese público superior destes proxectos, esenciais na loita contra o cambio climático.

A proposta da Xunta pasa por substituír o devandito pacto por unha resposta seria, centrada na adaptación ao cambio climático, na prevención dos seus efectos, a dotación de medios e as reformas legais necesarias para impulsar a economía rural coa máxima seguridade xurídica.

O compromiso da Xunta oara facer fronte ao quecemento global é incuestionable. Por iso, a Xunta destinará ás políticas climáticas en 2026 un total de 35,5 millóns de euros, un incremento do 13,5% respecto a este ano e demostra o seu compromiso firme tanto polo orzamento como polas accións que está a adoptar para consolidar a posición de Galicia estea á vangarda da descarbonización.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/01/2026 15:02:21

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46564
Data envio: 19/01/2026 15:02:24.591

Aposta pola cogobernanza climática, asesorando e impulsando accións da man das entidades locais, como administración máis próxima ao cidadán; pola colaboración público-privada a través de iniciativas xa consolidades como a Alianza galega polo clima (con máis de 200 empresas e entidades adheridas) e por solucións viables e baseadas no coñecemento técnico e científico.

Neste eido, destaca a contratación da plataforma tecnolóxica Sicle CO2, licitada a finais do pasado mes de outubro e que permitirá desenvolver o primeiro mercado voluntario de créditos de carbono de Galicia, unha iniciativa en cuxa posta en marcha a Xunta ten previsto investir 6,8 millóns de euros e que ten como fin impulsar a execución de proxectos de absorción de CO2 e compensar con eles as emisións contaminantes.

A aposta do Goberno galego por poñer en marcha o ano que vén o seu propio mercado de carbono está aliñada coa importancia cada vez maior que vai ter a captura de CO2 e a conservación dos sumidoiros naturais a nivel mundial, polo que a creación deste sistema voluntario para a compra e intercambio de créditos de carbono é unha iniciativa idónea para poder impulsar este tipo de actuacións no territorio e achegar a Galicia ao obxectivo da neutralidade climática no horizonte do ao 2040.

Tamén para loitar contra o quecemento global, a Xunta convocará en 2026 a segunda edición da axudas para impulsar a nivel local infraestruturas verdes e outras solucións baseadas na natureza fronte ao cambio climático. Dotadas con 2 millóns, cómpre lembrar que a primeira convocatoria foi un éxito, esgotando o orzamento asignado e axudando a financiar a execución de 42 proxectos deste tipo en 35 municipios galegos.

De igual xeito, Galicia aposta pola continua mellora dos sistemas de alerta temperá para anticiparse e estar máis preparada ante posibles fenómenos extremos e efectos adversos do cambio climático, un asunto que se abordou de xeito relevante na COP 30".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46564
Data envio: 19/01/2026 15:02:24.591

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 15:02:24

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46552
Data envio: 19/01/2026 14:55:14.976
Data 19/01/2026 14:55

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 36949**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Gonzalo Trenor López e outros deputados e deputadas, sobre **"a valoración que fai o Goberno galego da demora do Goberno de España na tramitación da variante ferroviaria de Cerdedo e as súas consecuencias para a conexión directa de alta velocidade con Vigo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego sempre amosou unha posición favorable á construción da variante de Cerdedo, con todas as garantías ambientais, para así permitir unha conexión directa do tren de alta velocidade cara Vigo que reduza os tempos de viaxe. Pero as prioridades do Goberno central semellan ser outras, razón pola que reiteradamente desde Galicia se pide información concreta sobre a execución, tramitación e posta en servizo desta infraestrutura".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/01/2026 14:55:12

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46552
Data envio: 19/01/2026 14:55:14.976

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 14:55:14

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:10:21
Nº Rexistro: 47506
Data envio: 22/01/2026 17:10:21.812
Data 22/01/2026 17:10

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 37241**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e dona Rosana Pérez Fernández, sobre **" a previsión da Xunta de Galicia do comezo das obras de dragaxe no porto de Miño"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"Portos de Galicia iniciará proximamente as obras de dragaxe do porto de Miño, nas que investirá 415.000 euros. Estes traballos foron licitados o 8 de xullo de 2025 nun procedemento conxunto por importe de 1,3 millóns de euros que incluía tamén as dragaxes dos portos de Barallobre e Pontedeume, dadas as similares características das obras e proximidade, ademais de compartir o mesmo punto de vertido. Este contrato adxudicouse o 16 de decembro de 2025. O contrato formalizouse o 7 de xaneiro de 2026 e os traballos darán comezo o antes posible.

A súa execución permitirá mellorar a operatividade do porto e tamén reducir o impacto dos temporais sobre a frota que se ve agravado pola falta de calado baixo os amarres.

Para este fin dragarase o interior da dársena ata a cota -1 metro. A superficie de dragaxe é de 8.000 metros cadrados e o volume estimado é de 15.000 metros cúbicos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 22/01/2026 17:10:18

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:10:21
Nº Rexistro: 47506
Data envio: 22/01/2026 17:10:21.812

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 17:10:21

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46549
Data envio: 19/01/2026 14:54:56.333
Data 19/01/2026 14:54

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 37249**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e outros deputados e deputadas, sobre **"a postura da Xunta de Galicia ante unha eventual anulación dos incrementos de taxas impostos por Sogama en 2024 e 2025"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"O primeiro de todo é aclarar que en ningún momento Sogama impuxo taxazo algún aos concellos. Sogama viuse obrigada a actualizar o canon que cobra a estes debido á aplicación, por parte do Estado, de impostos ao vertido e á incineración, contemplados por primeira vez na lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, e que están a supoñer para esta empresa pública un impacto económico de 9 millóns de euros anuais; importe que, por certo, asumiu en solitario no ano 2023, sen repercutilo aos concellos, agardando que o Estado reconsiderase a súa postura.

A lei referenciada (7/2022) obriga aos concellos a implantar unha taxa de residuos non deficitaria na que se repercuta o custe real do servizo, deixándoos nunha total indefensión. Isto está a derivar en subas desproporcionadas cunha forte contestación social, como é o caso das protestas cidadáns nos tres municipios que integran a Mancomunidade do Morrazo.

O diálogo de Sogama cos concellos aos que dá servizo é permanente. e verase reforzada no marco do proceso de transformación dixital activado por Sogama, xa que porá en marcha o denominado "Portal do Cliente", unha plataforma en liña na que os concellos terán a disposición todos os datos en tempo real, que lles permitirán adoptar decisións máis axustadas á realidade, optimizar os servizos e abaratar custes, dándolles tamén a posibilidade de realizar consultas, propostas, observacións, etc. Máxima transparencia en favor dunha maior eficiencia.

A Xunta, así mesmo, xa está a colaborar moi activamente cos concellos para aplicar melloras na xestión dos residuos.

O pasado mes de maio botou a andar a Oficina de Economía Circular Municipal (OECM), que presta asesoramento técnico especializado ás entidades locais na implantación dun novo modelo de xestión de residuos máis avanzado e sostible que permita avanzar na consecución dos obxectivos fixados pola normativa europea.

Tanto a elaboración de ordenanzas como a creación de servizos de inspección son asuntos sobre os que se pode pedir asistencia á Oficina de Economía Circular, que nos seus escasos meses de vida, xa recibiu total de 180 consultas por parte das entidades locais.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/01/2026 14:54:53

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46549
Data envio: 19/01/2026 14:54:56.333

Por outra banda, a iniciativa da Consellería, realizáronse 79 visitas presenciais aos concellos, cuestión clave para poder propoñer solucións adaptadas recompilando, por exemplo, iniciativas locais innovadoras, replicables noutros municipios, que se incluirán nun informe de boas prácticas.

Cómpre destacar, ademais, a creación dun grupo de traballo coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e as catro deputacións para abordar a transformación circular do sector de residuos municipais e a adaptación á normativa no ámbito local tendo como obxectivo a elaboración de ordenanzas tipo reguladoras do servizo e fiscais e a coordinación de actuacións.

Todas estas accións reforzan a estratexia da OECM para dotar ás entidades locais de ferramentas técnicas e normativas que faciliten a transición cara a modelos de xestión máis sostibles e aliñados coa Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados e os obxectivos europeos.

A xestión do biorresiduos, así mesmo, vén sendo unha prioridade para a Xunta de Galicia nos últimos anos. Así o demostra a creación dunha rede pública de infraestruturas para a xestión de residuos orgánicos, conformada por 13 plantas de transferencia que dan apoio a 4 plantas de compostaxe construídas en Cerceda (A Coruña), Cervo (Lugo), Verín (Ourense) e Vilanova de Arousa (Pontevedra).

O deseño desta estrutura integral, cofinanciada con fondos europeos, busca que a práctica totalidade dos 295 concellos adheridos ao modelo de Sogama, que prestan servizo a máis de 2,2 millóns de habitantes, dispoñan dunha planta de biorresiduos ou de transferencia a menos de 50 quilómetros de distancia, permitíndolles deste xeito aforrar custos e dar cumprimento ás novas obrigas de recollida selectiva. O investimento alcanzou os 45 millóns de euros.

Tamén se demostra co apoio aos concellos mediante a convocatoria de axudas para a xestión da fracción orgánica. Desde o ano 2019, concedéronse subvencións por valor de 22,1 millóns para o financiamento de 495 proxectos.

Dando continuidade a esta estratexia de apoio aos concellos, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático convoca axudas este ano que incluirá novamente varias liñas destinadas á xestión dos biorresiduos.

Como novidade desta convocatoria, cabe destacar a especial atención aos grandes produtores (hostalaría, alimentación, etc.), tanto na liña dedicada á implantación da recollida separada de biorresiduos, como na liña de fomento da compostaxe doméstica e comunitaria".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46549
Data envio: 19/01/2026 14:54:56.333

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46549
Data envio: 19/01/2026 14:54:56.333

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 14:54:56

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46547
Data envio: 19/01/2026 14:54:43.796
Data 19/01/2026 14:54

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 37301**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e dona Montserrat Valcárcel Armesto, sobre **"a previsión do Goberno galego de regularizar e legalizar a situación de Meteogalicia mediante a creación dun organismo público que asuma as competencias relativas ao clima e aos servizos meteorolóxicos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"O proxecto de lei do clima dedica o seu título V á Meteoroloxía, climatoloxía e calidade do aire. Este título céntrase no reforzo dos servizos meteorolóxicos que se mellorarán, tanto as súas funcións como a súa organización, unha vez aprobada a normativa.

A futura Lei establece o marco normativo de referencia para os servizos meteorolóxicos, climatolóxicos e de calidade do aire de Galicia, que subministrarán datos e información nesas materias tanto ao sector público como á cidadanía e ao tecido empresarial da Comunidade, con especial atención á información relativa ao ámbito das emerxencias.

Pero é importante coordinar as competencias da Aemet e de MeteoGalicia para prestar un servicio de calidade que repercute en áreas de gran sensibilidade e importancia.

Cómpre lembrar que esta foi unha das cuestións abordadas na reunión mantida o pasado mes de setembro entre o secretario de Estado de Estado de Política Territorial e o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/01/2026 14:54:40

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46547
Data envio: 19/01/2026 14:54:43.796

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 14:54:43

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46537
Data envio: 19/01/2026 14:16:51.116
Data 19/01/2026 14:16

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 37338**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e dona Montserrat Valcárcel Armesto, sobre **"a valoración que fai a Xunta da superación, en moitas zonas, dos valores máximos de contaminación do ar e stablecidos pola OMS"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (responsable a través da vixilancia, control e avaliación da calidade do aire en Galicia para protexer a saúde e o benestar da poboación) realiza un seguimento en tempo real das concentracións de contaminantes no aire ambiente.

Con tal fin, apóiase na Rede de calidade do aire de Galicia, que se compón de estacións tanto públicas como privadas repartidas por todo o territorio e divididas en función da principal fonte de emisión que captan (de tráfico, industriais ou de fondo) e da área na que están localizadas (urbana, suburbana ou rural).

Nestes momentos, está conformada por un total de 47 estacións, un número que se sitúa por riba da media nacional e asegura unha boa cobertura de todo o territorio galego desde o punto de vista do control da calidade do aire ambiente. De feito, mantense en constante mellora e actualización para optimizar o seu funcionamento, como demostra a incorporación en 2024 de dúas estacións industriais-rurais (as de Vilar, en Lugo, e a do Monte Xalo en Cerceda) ou a incorporación á rede pública da Xunta da localizada en A Cabana.

A información ofrecida por esta rede vese complementada con modelos propios da Xunta e co labor do Laboratorio de Medio Ambiente, o único centro autonómico deste tipo acreditado para facer análises de contaminantes do aire non maioritarios.

É preciso ter en conta, ademais, que o último informe anual elaborado por MeteoGalicia, correspondente a 2024, conclúe que Galicia mantivo unha boa calidade do aire en zonas urbanas, rurais e industriais e que ningunha das estacións que achegaron datos superou os valores límite para a protección da saúde humana, apuntando tamén a unha lixeira mellora nos resultados con respecto ao ano anterior.

De cara a 2030, coa entrada en vigor dos novos valores límite definidos na Directiva comunitaria sobre a calidade do aire ambiente, a Comunidade parte dunha boa posición aínda que haberá que diminuír os niveis dalgúns contaminantes e partículas."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/01/2026 14:16:48

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46537
Data envio: 19/01/2026 14:16:51.116

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46537
Data envio: 19/01/2026 14:16:51.116

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 14:16:50

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46215
Data envio: 16/01/2026 20:38:03.088
Data 16/01/2026 20:37

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 37571**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, don Carlos López Font e don Aitor Bouza Manso, sobre **"a previsión da Xunta de Galicia de aprobar un plan de infraestrutura verde e restauración ecolóxica que desenvolva a Estratexia correspondente, con financiamento suficiente e mecanismos de avaliación"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"A Estratexia de Infraestrutura Verde concíbese como un procedemento aberto e adaptable ás distintas situacións que poidan xurdir ao longo do tempo. Para a súa posta en marcha e implementación exponse a elaboración dun Plan de Seguimento que permitirá concretar e adaptar as distintas medidas que deben afrontarse non desenvolvemento dela, nun período temporal ata ou ano 2050.

Este documento está en elaboración e no mesmo aparecen sinalados e identificados os apartados que deberán ser obxecto do Plan de Seguimento.

O Plan avaliará periodicamente a eficiencia das redes de infraestrutura verde (rexional, subregionais, locais), e os elementos da paisaxe asignados como conectores ecolóxicos funcionan correctamente e son respectados polas políticas sectoriais.

Para iso, definiranse indicadores relacionados coa conectividade ecolóxica e os sistemas integrados de seguimento de aspectos de conectividade, biodiversidade e cambio global.

Simultaneamente á redacción deste documento, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático está a desenvolver numerosas accións en materia de infraestrutura verde que se integran como parte do proceso de desenvolvemento da Estratexia Galega de Infraestrutura Verde, Conectividade e Restauración Ecolóxicas, EGIVCRE".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/01/2026 20:37:53

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46215
Data envio: 16/01/2026 20:38:03.088

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46215
Data envio: 16/01/2026 20:38:03.088

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 20:38:01

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:10:02
Nº Rexistro: 47503
Data envio: 22/01/2026 17:10:02.259
Data 22/01/2026 17:09

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 37588**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, don Carlos López Font e don Aitor Bouza Manso, sobre **"as obras previstas pola Xunta de Galicia que melloren a mobilidade viaria de Pontevedra e a súa contorna"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta presentou o pasado 5 de decembro a estrada alternativa á PO-225, que inclúe un viaduto sobre a autoestrada AP-9, dúas novas glorietas, catro pasos de peóns e unha senda peonil, un novo viario que suporá un investimento de máis de 12M€ e que reflicte o claro exemplo que a Xunta de Galicia está a ter no desenvolvemento das mellores infraestruturas en Pontevedra.

A estrada suporá unha mellora substancial da mobilidade global nesta zona do municipio que redundará en beneficio de Pontevedra e a comarca.

A variante conectará a PO-531 coa N-550 e terá un quilómetro de lonxitude. Naceu do consenso tanto veciñal como co Concello e dun traballo previo moi intenso.

Permitirá aliviar a circulación na PO-225, ao absorber o novo viario gran parte do seu actual tráfico (en torno a 12.000 vehículos diarios) e tamén desconxestionará as outras dúas estradas, coa consecuente mellora da seguridade viaria e peonil na zona a través dunha actuación integrada na contorna e compatible cos usos existentes. Axudará ademais a desconxestionar o núcleo urbano, posibilitará un acceso máis directo á costa a través da variante de Poio e a equipamentos como o Hospital Montecelo ou centro de saúde de Lérez.

A actuación permitirá estruturar e distribuír os tráficos das tres estradas (PO-225, PO-531 e N-550) garantindo a conectividade nunha zona onde conflúe moito tránsito. Ademais, tamén mellorará a mobilidade peonil coa habilitación dunha senda na marxe esquerda ao longo de todo o trazado.

A nova variante garantirá as intersecciónns coas estradas locais que transcorren pola zona e contará con viarios de servizos paralelos.

A Xunta prevé someter a avaliación ambiental simplificada o proxecto de trazado para a nova variante cuxa tramitación levará de 8 a 10 meses e pretende elevar a información pública ni cuarto trimestre de 2026, co obxectivo de ter aprobado o proxecto definitivo no primeiro trimestre de 2027. Posteriormente, o prazo de execución das obras estímase en 24 meses.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 22/01/2026 17:09:59

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:10:02
Nº Rexistro: 47503
Data envio: 22/01/2026 17:10:02.259

A Variante de Alba constitúe unha das principais actuacións que a Xunta de Galicia está a desenvolver en Pontevedra, onde son de nomear ademais: a mellora e posta en valor da Ponte Sampaio -con nova iluminación estreada este pasado Nadal- por case medio millón de euros; a execución da senda Mollavao-Praceres onde as obras avanzan a bo ritmo cun orzamento total de 6,2M€, unha vez acadado o permiso de Adif, ou a PO-308, onde se finalizou a senda Fontenla Combarro (1,7M€); e a cofinanciación co Concello a humanización do primeiro treito da PO-308 na Barca (1,2M€ de investimento Xunta).

Do mesmo xeito, o Goberno galego está a desenvolver obras de mellora do firme en 7 estradas autonómicas en 12 concellos de Pontevedra, O Morrazo, O Condado e Baixo Miño por un importe de 4,2M€ (Pontevedra, Bueu, Cangas, Ponte Caldelas, A Guarda, As Neves, Mondariz, Oia, O Rosal, Pazos de Borbén, Ponteareas, Salvaterra).

Ademais, xa está rematada a obra de reforzo de firme en 5 estradas ao paso por 10 concellos de Pontevedra e O Salnés, por 3,3M€ e están licitados os reforzos de firme en 3 estradas ao paso pola Estrada e Agolada por 3,6M€.

En Pontevedra e na súa contorna é difícil que haxa unha estrada autonómica que a Xunta non estea a mellorar, e isto é algo que reflicte o compromiso real coas infraestruturas da cidade".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:10:02
Nº Rexistro: 47503
Data envio: 22/01/2026 17:10:02.259

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 17:10:02

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46182
Data envio: 16/01/2026 15:14:39.710
Data 16/01/2026 15:14

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 37629**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, don Carlos López Font e don Aitor Bouza Manso, sobre **"se o Goberno galego coñece o problema no tráfico que está a causar o semáforo da rúa Cardalda, no cruce co lugar da Pantrigueira na parroquia de Caleiro e á parroquia de San Miguel de Deiro, en Vilanova de Arousa"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A estrada PO-307 (Deiro (PO-549) - Illa de Arousa (Deputación) ten unha lonxitude de 4,58 km e discorre polo Concello de Vilanova de Arousa o treito desta estrada comprendido entre os PP.QQ. 0+000 e 3+320. A intensidade media de tráfico diario (2024) ascende a 12.278 vehículos ao día.

Nunha recente xuntanza do alcalde coa conselleira (11/07/2025) abordouse a problemática que motiva a pregunta e que afecta á intersección semafórica no entronque coa PO-307 en A Pantrigueira, da que se deu traslado ao Servizo Provincial.

Xa hai anos a Xunta de Galicia tratou co Concello o asunto da regulación semafórica nun cruce nesta estrada en A Pantrigueira (punto quilométrico 0+700 desta estrada), onde a visibilidade de paso de peóns estaba a resultar reducida durante a noite. En xuño de 2015 revisouse e corrixiuse a regulación do semáforo por medio do contrato de conservación integral.

A Xunta de Galicia está a executar, por outra banda, obras de reforzo do firme en 11 estradas da área territorial de Pontevedra, entre as que se atopa a PO-307, reafirmando así o seu compromiso continuado coa conservación e mellora da rede viaria autonómica.

No caso concreto desta estrada, os traballos contaron cun orzamento superior aos 230.000 euros e abranguen tanto o concello de Vilanova de Arousa, desde a glorieta de enlace coa PO-306 ata o inicio da ponte cara á Illa de Arousa, como o concello da Illa de Arousa, onde as actuacións se prolongan ata o final da vía, incluíndo as dúas glorietas existentes. O investimento ascendeu a preto de 60.000 euros en Vilanova e máis de 170.000 euros na Illa, mellorando notablemente o estado do firme e a seguridade da circulación.

Estas actuacións súmanse a outras intervencións relevantes realizadas pola Xunta na PO-307 ao longo dos últimos anos, que evidencian unha aposta sostida polo seu mantemento e modernización.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/01/2026 15:14:37

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46182
Data envio: 16/01/2026 15:14:39.710

Entre elas destacan a execución do itinerario peonil e ciclista entre Deiro e a ponte da Illa de Arousa, cun investimento de 1,5 millóns de euros en 2021; a reparación integral da ponte da Illa de Arousa sobre a ría, cun investimento de 11 millóns de euros en 2011; e a conexión da ponte coa PO-549/PO-307, executada en 2014 cun orzamento de 170.000 euros. Conxuntamente, estas actuacións poñen de manifesto o firme compromiso da Xunta coa conservación, seguridade e funcionalidade desta infraestrutura estratéxica".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46182
Data envio: 16/01/2026 15:14:39.710

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 15:14:39

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46181
Data envio: 16/01/2026 15:14:33.943
Data 16/01/2026 15:14

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 37868**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego, dona Alexandra Fernández Gómez e don Luis Bará Torres, sobre **"a previsión do Goberno galego de realizar actuacións e medidas para avaliar e asegurar os cantís da praia do Xunqueiro, en Mera, no concello de Oleiros, ante os desprendementos rexistrados"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"A estrada é de titularidade municipal, co que o mantemento correspondería ao Concello de Oleiros. En caso de que os danos se deban a desprendementos por erosión do cantil, correspondería ao Estado, como titular do dominio público marítimo-terrestre (DPMT), realizar as obras para garantir que a estrada se poida utilizar en condicións de seguridade.

Se o Concello quere acometer as obras, si que debería solicitar autorización á Xunta, pois ten a competencia sectorial de Costas para outorgar os títulos de intervención. En caso de que fose o Estado quen acometese as actuacións, non necesitaría autorización ao tratarse dunha obra de interese xeral no dominio público marítimo-terrestre".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/01/2026 15:14:31

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46181
Data envio: 16/01/2026 15:14:33.943

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 15:14:33

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46180
Data envio: 16/01/2026 15:14:27.871
Data 16/01/2026 15:14

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 38169**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Manuel Golpe Acuña e outros deputados e deputadas, sobre **"a valoración e a postura do Goberno galego en relación coa sentenza que anula a autorización do parque eólico Ruña III"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta recorreu a sentenza do TSXG sobre o parque eólico Ruña III xa que a tramitación separada aplicada neste proxecto estaba prevista na normativa aplicable á tramitación deste parque e foi referendada polo Tribunal Supremo en marzo deste ano.

O TSXG conclúe que a autorización previa e de construción deste parque se debeu tramitar de forma conxunta coa liña de evacuación para avaliar os efectos sinérxicos ou acumulativos, en contra do criterio do TS que indicou que a tramitación separada era ambientalmente mellor.

Cómpre indicar que a resolución, pola contra, rexeita as alegacións relacionadas coa tramitación ambiental e as posibles afeccións do proxecto sobre a contorna.

De feito, avala a avaliación ambiental feita pola Xunta e considera que non quedan acreditados por parte da asociación que presentou o recurso impactos ou danos significativos.

Non podía ser doutro xeito tras a sentenza do 1 de agosto da Xustiza europea en resposta á petición do propio TSXG e na que avalou a tramitación ambiental dos proxectos eólicos feita en Galicia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/01/2026 15:14:25

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46180
Data envio: 16/01/2026 15:14:27.871

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 15:14:27

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46178
Data envio: 16/01/2026 15:14:16.966
Data 16/01/2026 15:14

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 38244**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"o traballo que está a desenvolver ou ten previsto o Goberno galego para a defensa do noso sector pesqueiro ante os previsibles recortes de TAC e cotas por parte da Comisión Europea"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O 19 de decembro de 2025, reuníuse o Pleno do Consello Galego de Pesca que reclamaba solucións tras a negociación dos TACs e cotas para as especies de especial preocupación para Galicia, como a xarda, o lirio e o abadexo, pois, son preocupantes e decepcionantes.

O Pleno foi convocado con carácter extraordinario porlo Goberno galego, precisamente, ante a desconformidade polas posibilidades de pesca establecidas, sen ter en conta os informes socioeconómicos presentados por Galicia tanto ao comisario europeo de Pesca e Océanos como ao propio ministro de Agricultura, Pesca e Alimención, e para artellar unha fronte común que permita buscar solucións, co fin de que a frota poida seguir traballando.

Para elo, a Consellería do Mar presentou un paquete de propostas como pedir que se manteña, como mínimo, para estas tres especies a mesma cota asignada a España en 2025, ao non ser causante, no caso da xarda e o lirio, dos factores de sobreexplotación, rexeitando calquera redución na asignación ata que se corrixa o consumo excesivo e irresponsable por parte de todos os terceiros países implicados. Neste senso, para estas dúas especies tamén se solicita aplicar a recente modificación de medidas destinadas á conservación das poboacións de peixes en relación cos países que autorizan unha pesca non sostible.

Neste punto, considérase que España, en calidade de Estado membro e, por tanto, axente coas competencias directas na negociación, debe lograr un acordo de reparto das capturas baseado en criterios científicos fidedignos e antecedentes de pesca sostible, así como poñer en marcha unha avaliación diferenciada e resistirse a aceptar as asignacións de cota derivadas da sobrepesca unilateral.

No caso do abadexo, as medidas están dirixidas a unha modificación do sistema de avaliación científica, así como un cambio de especie accesoria a dirixida, ademais do establecemento dun TAC propio.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/01/2026 15:14:14

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46178
Data envio: 16/01/2026 15:14:16.966

Na batería de propostas, tamén se inclúe o incremento das porcentaxes de cota da sardiña e bocarte, ademais da fixación doutras asignacións que afectan, en concepto de pesca fortuíta, ao atún vermello para os segmentos da frota galega, así como á pesca accesoria de bocarte para o xeito, racú e piobardeira e a marcaxe do 10 % de pesca accesoria para as embarcacións de cerco de reducido arqueo.

A xarda atópase ante unha asignación de cota provisional cun forte descenso do 70 % con respecto a 2025. Deste xeito, a redución proposta do TAC podería levar un impacto económico directo de entre 26,5 e 28,4 millóns de euros e un directo e indirecto de entre 37,1 e 39,7 millóns. Concretamente, a asignación provisional establece que, no primeiro semestre, só se poidan capturar 156.921 toneladas, das que a España lle corresponderían 5.907.

O lirio tamén sofre unha redución do 41 % respecto do 2025, e do 44 % fronte ao 2024. Este recorte supón que a frota galega so poderá pescar 22.272 toneladas no caladoiro nacional CNW e 33.049 toneladas en augas internacionais. A repercusión sobre o conxunto da economía produtiva implicaría unha merma da actividade que oscilaría entre os 5,4 e os 11,3 millóns de euros.

O abadexo tivo unha redución do 36% en 2025 e outra redución adicional do 18% de media para 2026 e 2027. Desde o punto de vista socioeconómico, esta cota representa un risco de estrangulamento que, de materializarse, podería oscilar entre os 1,7 millóns de euros para a frota de palangre e os 14,8 millóns se chegara a paralizar a actividade do conxunto das frotas afectadas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46178
Data envio: 16/01/2026 15:14:16.966

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 15:14:16

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46175
Data envio: 16/01/2026 15:13:59.013
Data 16/01/2026 15:13

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 38348**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Luis Bará Torres, sobre **"as liñas estratéxicas do novo plan de vivenda da Xunta de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O Pacto de Vivenda 2021-2025 constituíu un instrumento innovador de planificación das políticas públicas de vivenda en Galicia, asentado no diálogo e na colaboración entre a Xunta, a FEGAMP e os principais axentes do sector: profesionais da edificación, intermediación inmobiliaria, consumidores e usuarios. Este enfoque compartido permitiu artellar medidas consensuadas e eficaces para dar resposta ás necesidades residenciais da cidadanía.

Os resultados do primeiro pacto confirman o acerto deste modelo cooperativo, cun grao de execución do 97,7 %, preto de 365 millóns de euros en axudas, e máis de 30.000 vivendas beneficiadas a través de programas de acceso, alugueiro e rehabilitación. Ademais, rehabilitáronse arredor de 42.000 vivendas e impulsouse solo residencial para posibilitar a construción de máis de 15.000 novas vivendas.

Sobre esta experiencia positiva, a Xunta está a promover o II Pacto de Vivenda de Galicia 2026-2030, que dará continuidade ao acordo asinado en 2021 e reforzará o compromiso do Goberno galego co desenvolvemento dunha política de vivenda sólida e sostida no tempo.

O novo pacto estruturarase en catro eixos estratéxicos —acceso á vivenda, rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas, solo residencial e outras medidas complementarias— e incluirá un anexo específico que recollerá a aposta pola vivenda protexida, a rehabilitación e o apoio aos colectivos con maiores dificultades de acceso, especialmente a mocidade.

O documento incorporará medidas para incentivar a promoción de vivenda protexida, axilizar procedementos administrativos, mobilizar vivenda baleira e reforzar a cooperación entre administracións e sector privado. O seu obxectivo é avanzar cara a un modelo residencial sostible, inclusivo e equilibrado, que favoreza a cohesión territorial, o asentamento da poboación e a mellora da calidade de vida en Galicia.

O Pacto de Vivenda é aprobado no Observatorio da Vivenda de Galicia, órgano no que participan administracións locais, organizacións de consumidores e os principais colectivos profesionais vinculados ao ámbito residencial, garantindo así un proceso baseado no consenso e na representación de todos os sectores implicados".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/01/2026 15:13:56

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46175
Data envio: 16/01/2026 15:13:59.013

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46175
Data envio: 16/01/2026 15:13:59.013

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 15:13:58

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:09:43
Nº Rexistro: 47500
Data envio: 22/01/2026 17:09:43.326
Data 22/01/2026 17:09

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 38362**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Valcárcel Armesto e don Luis Bará Torres, sobre **"a contradición entre o discurso de gobernanza participativa de Augas de Galicia e os seus orzamentos, e a necesidade de mobilización social para acadar a eficiencia hídrica e o cumprimento da Directiva Marco da Auga"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión foi contestada polo director de Augas de Galicia, Roi Fernández Añón, o pasado 11 de decembro de 2025, na comisión 2ª de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos en resposta á POC 38361.

Enlace ao vídeo da comisión 2ª celebrada o 11 de decembro:

https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDQwZGI0M2UtMjJkZi00NThjLWJhMjktMjlkZmRmMzZhNWU5&start=8737".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 22/01/2026 17:09:40

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:09:43
Nº Rexistro: 47500
Data envio: 22/01/2026 17:09:43.326

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 17:09:43

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 46688
Data envio: 19/01/2026 21:48:54.094
Data 19/01/2026 21:48

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 38439**, formulada a iniciativa de Luis Bará Torres, Cristina Fernández Davila, Alexandra Fernández Gómez e Noa Presas Bergantiños, deputado e deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), sobre **"Sobre a posición do Goberno galego ante os intereses da empresa Mowe Energía fronte aos dereitos e preocupacións da veciñanza afectada polos proxectos eólicos nos concellos de Cerdedo-Cotobade, A Lama, Fornelos, Avión e Beariz"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**, que ten o seguinte contido:

"Na zona da Serra do Suído constan 8 parques autorizados (un deles é un parque eólico singular) e 8 en tramitación (dous deles son parques eólicos singulares) competencia da Xunta de Galicia. Ademais tense constancia de 6 parques mais de competencia estatal en tramitación.

Respecto dos parques autorizados (170, 55 MW), 7 deles están suspendidos xudicialmente (Monte Peón (12,6 MW), Porto Vidros (10,35 MW), Paraño Oeste (49,7 MW), Marcofán (36,4 MW), Uxo (21 MW), Alto da Telleira (16,9 MW) e Alto de Montouto (21 MW) e parque eólico singular de Avión (2.6 MW) que non dispón de permiso de acceso e conexión.

Respecto dos parques en tramitación (144,72 MW). A situación pormenorizada é a seguinte:

Coto de Eiras (48 MW), Edreira I (24 MW) e Ampliación Edreira I (16,8 MW).- estase coa tramitación da avaliación ambiental (un único estudo de impacto ambiental para o conxunto).

Las Américas 24 (23,62 MW).- A solicitude está na fase de análise previo. Solicitouse informe previo a Dirección Xeral de Patrimonio Natural posto que se atopa en zona de turbeiras, pendente da súa emisión.

Covelo (2 MW) e Melón (1,5 MW) son parques eólicos singulares que non dispoñen do permiso de acceso e conexión. Chan do Eixo (12 MW) obtivo Declaración de Impacto Ambiental negativa e está pendente do arquivo do expediente. Paradanta (16,8 MW) non acadou o fito da Declaración de Impacto Ambiental, o que implica a caducidade do permiso de acceso e conexión. Por todo isto, estes parques eólicos non poden acadar as autorizacións administrativas.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/01/2026 21:48:51

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 46688
Data envio: 19/01/2026 21:48:54.094

Con respecto aos parques en tramitación de competencia estatal,

Para os parques eólicos Greco, Sistesas, Chamarrapio a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático emitíu informe no que se constata que non hai solapamento con outras posicións doutros parques eólicos en tramitación.

Para Hedreira e Crecente a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático emitíu informe no que se constata que sí hai solapamento con outras posicións doutros parques eólicos en tramitación.

As Fenteiras obtivo a Declaración de Impacto ambiental desfavorable, segundo a resolución publicada no BOE do 22.12.2025.

Na iniciativa parlamentaria cítanse parques que a día de hoxe están arquivados. Concretamente, os parques Coto das Airas, Mancelo e Laxabranca, de competencia autonómica foron arquivados. E para o parque eólico Carballoso, de competencia estatal, consta que o Ministerio aceptou o desestimento en decembro de 2024.

É preciso ter en conta, ademais, que os estudios de efectos acumulativos e sinérxicos están dentro do Estudo de Impacto Ambiental que forma parte do procedemento de avaliación de impacto ambiental. Neste procedemento os distintos organismos emiten os seus informes cos reparos oportunos.

É importante sinalar, ademais, que é unha obriga da Administración tramitar os proxectos que se presentan, o que non implica que a correspondente tramitación remate cunha autorización, xa que a Administración soamente autorizará proxectos que sexan ambiental e tecnicamente viables. A Xunta de Galicia non valora os proxectos; avalíaos e analízaos conforme á lexislación vixente aplicable.

Con respecto, á modificación referida á Lei de medidas fiscais e administrativas, establécese co obxectivo de clarificar o alcance da declaración de interese público superior da construción e explotación dos parques eólicos de acordo coa normativa comunitaria aplicable.

Nos últimos anos, a Unión Europea aprobou un conxunto de instrumentos normativos que consolidaron os proxectos de enerxías renovables como instrumentos cruciais para acadar os obxectivos de neutralidade climática e garantir a protección da biodiversidade.

Así, obriga a que en todo proceso de ponderación dos intereses xurídicos implicados tanto polos tribunais nacionais como polas autoridades encargadas da concesión das autorizacións, se outorgue prioridade á construción e explotación de instalacións de enerxía eólica.

Con esta modificación non se introduce ningún cambio substancial, senón que aclara e sistematiza o alcance das disposicións xa vixentes, co fin de reforzar a seguridade xurídica dos operadores, da Administración e da cidadanía, confirmando e precisando o marco normativo existente.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 46688
Data envio: 19/01/2026 21:48:54.094

É vital para Galicia conseguir seguridade xurídica e acabar coa parálise actual que lastra un sector clave en toda a UE para avanzar cara á descarbonización e a neutralidade climática.

Polo tanto, cando Galicia regula o interese público da enerxía eólica e a súa prioridade non inventou nada.

O único que fixo foi cumprir coa esixencia comunitaria de acadar o rápido despregue das enerxías por ser o instrumento esencial para protexer o medio ambiente, facer fronte ao cambio climático e, por tanto, protexer a biodiversidade (o sector da enerxía tradicional é o responsable de máis do 75% das emisións totais de gases de efecto invernadoiro).

É, por iso, que, en aras do compromiso deste Goberno coa loita co cambio climático, que de novo se clarifica o mandato esencial comunitario que non pode deixar de aplicarse pola Administración e polos tribunais.

Por último é preciso sinalar que sobre o proxecto eólico Greco respondeuse xa ao grupo parlamentario do BNG a través da iniciativa parlamentaria con número 24897".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 46688
Data envio: 19/01/2026 21:48:54.094

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 21:48:53

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 17:40:10
Nº Rexistro: 47099
Data envio: 21/01/2026 17:40:10.333
Data 21/01/2026 17:40

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 38466**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Rodríguez Dacosta, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"se o Goberno galego recoñece o desemprego de longa duración como unha das principais debilidades do mercado laboral en Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia desenvolve unha estratexia integral para mellorar a inserción laboral das persoas desempregadas, con especial atención ao desemprego de longa duración, que en decembro de 2025 rexistrou un total de 55.119 persoas.

O eixo central destas políticas é a orientación laboral personalizada, a través de itinerarios individuais de inserción que inclúen diagnóstico competencial, definición de obxectivos profesionais e seguimento continuado. Estes itinerarios reactívanse de forma automática cando a persoa permanece máis dun ano sen atención, garantindo un acompañamento sostido no tempo.

Como reforzo, está implantado nas oficinas de emprego un programa de seguimento intensivo dirixido ás persoas con máis de cinco anos en desemprego ininterrompido, que permite adaptar a demanda de emprego e buscar solucións específicas segundo cada situación.

O Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) avanza tamén na súa modernización, incorporando ferramentas de intelixencia artificial como Emi, que analiza competencias e ofrece oportunidades reais de emprego en función das necesidades do mercado laboral.

Estas actuacións complétanse con plans específicos para persoas con dificultades sobrevidas, con coordinación cos servizos sociais e a RISGA, colaboración con entidades locais como entidades sen ánimo de lucro especializadas na atención a persoas con discapacidade e colectivos específicos. O cadro de persoal dedicado á prestación de servizos de orientación laboral e prospección do emprego reforzouse recentemente con 136 persoas.

A formación para o emprego é un piar fundamental da consellería, cun orzamento previsto para 2026 de preto de 173 millóns de euros, para as distintas liñas de formación para o emprego e para obradoiros de emprego e programas integrados, que permitirán formar anualmente en torno a 20.000 persoas entre os obradoiros e os programas integrados de emprego".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 21/01/2026 17:40:07

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 17:40:10
Nº Rexistro: 47099
Data envio: 21/01/2026 17:40:10.333

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 17:40:10
Nº Rexistro: 47099
Data envio: 21/01/2026 17:40:10.333

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 17:40:10

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 17:39:50
Nº Rexistro: 47096
Data envio: 21/01/2026 17:39:50.470
Data 21/01/2026 17:39

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 38513**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Rodríguez Dacosta, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"os motivos polos que a Xunta de Galicia carece dun sistema público integral de avaliación das políticas activas de emprego con indicadores desagregados por idade, sexo, comarca e duración do desemprego"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"A avaliación e transparencia das políticas activas de emprego en Galicia inclúense no marco do Sistema Nacional de Emprego, regulado pola Lei 3/2023, de Emprego, que establece a avaliación externa e independente das políticas públicas a través da Estratexia Española de Apoio Activo ao Emprego e do Plan para o Fomento do Emprego Digno, cuxos resultados son públicos e accesibles a través do SEPE.

O Servizo Público de Emprego de Galicia forma parte da rede europea de servizos públicos de emprego (PES-NET) que mantén un sistema periódico e continuo de avaliación exhaustiva do funcionamento dos servizos públicos de emprego (Evades), sendo o SPEG un dos mellores valorados do Estado nos últimos exercicios.

No ámbito autonómico, o Observatorio de Prospectiva do Mercado de Traballo, ademais de facer o seguimento mensual do paro rexistrado e o seguimento trimestral dos datos da EPA, elabora informes de avaliación da situación laboral de distintos colectivos con dificultades específicas para o acceso ao emprego, realiza a avaliación da formación para persoas desempregadas con periodicidade anual e elabora un informe anual sobre a situación do mercado laboral galego.

Este labor viuse reforzado coa creación da Subdirección Xeral de Coordinación, Avaliación e Seguimento de Programas, que consolida unha estrutura específica para o seguimento e análise dos resultados das políticas activas de emprego en Galicia.

Os mecanismos de transparencia e rendición de contas públicas aplícanse en coherencia cos sistemas xerais de publicidade e control xa existentes na Administración autonómica".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 21/01/2026 17:39:47

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 17:39:50
Nº Rexistro: 47096
Data envio: 21/01/2026 17:39:50.470

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 17:39:50

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46173
Data envio: 16/01/2026 15:13:17.433
Data 16/01/2026 15:13

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 38651**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Luis Bará Torres, sobre **"a decisión que a Xunta de Galicia prevé adoptar á para a aplicación do vindeiro Plan Estatal de Vivenda 2026-2030"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A política galega de vivenda céntrase en facilitar o acceso á vivenda, especialmente ás persoas con menos recursos, mediante a duplicación do parque público, o desenvolvemento de solo para vivenda protexida, as axudas ao alugueiro e á compra, a mobilización de vivenda baleira e o impulso decidido á rehabilitación, consolidando así un modelo propio que Galicia propón reforzar coa colaboración do Estado.

Non é de recibo que avanzado o mes de xaneiro, o Goberno central non teña sido capaz de dispor dun novo Plan Estatal de Vivenda, unha vez vencido o anterior, situación que está a dilatar e comprometer as convocatorias que debemos facer as comunidades no marco do mesmo, co correspondente prexuñizo á cidadanía.

A Xunta leva meses reclamando que o novo marco naza do consenso e se coordine coas comunidades autónomas que, neste proceso, están a ser desoídas de xeito continuado.

A Xunta de Galicia considera necesario contar cun Plan Estatal de Vivenda, pero entende que o modelo actual de plans estatais cuatrienais resultou insuficiente para dar resposta a un problema estrutural como é o acceso á vivenda.

Por este motivo, o Goberno galego propón avanzar cara a un marco estable de cooperación a longo prazo, baseado nun Pacto Nacional pola Vivenda, que substitúa a lóxica de programas impostos polo Estado por unha estratexia compartida, flexible e adaptada á realidade territorial. Este novo enfoque debería apoiarse na coordinación efectiva entre o Estado e as comunidades autónomas, evitando duplicidades, establecendo obxectivos claros e cun horizonte temporal mínimo de seis anos, que permita consolidar actuacións estruturais mediante acordos bilaterais e sistemas de avaliación.

No ámbito do financiamento, a Xunta está a aceptar desde o primeiro momento o novo modelo de cofinanciación que o estado impón do 40%, pero reclama un incremento significativo dos fondos estatais, tendo en conta que a dotación actual do Plan Estatal resulta moi inferior ao esforzo investidor realizado por Galicia.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/01/2026 15:13:15

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46173
Data envio: 16/01/2026 15:13:17.433

Proponse un cambio de modelo cara á cofinanciación das políticas autonómicas de vivenda, con achegas estatais estruturadas nunha parte fixa e outra variable, en función de criterios obxectivos como o nivel de investimento autonómico, a dispersión poboacional ou a renda per cápita.

Neste contexto, a Xunta trasladou ao Plan Estatal de Vivienda xa no mes de decembro de 2024 e a finais desde 2025, un conxunto de aportacións concretas, centradas no acceso á vivenda —mediante promoción pública, colaboración público-privada, axudas á compra e ao alugueiro, mobilización de vivenda baleira e atención a colectivos vulnerables—, así como na rehabilitación, a través de áreas de rehabilitación integral, mellora da accesibilidade ou eficiencia enerxética.

Xunto a isto, Galicia propón reforzar o apoio á xestión administrativa, impulsando ferramentas dixitais, sistemas de seguimento e ventanillas únicas de vivenda, así como unha adecuación do marco normativo estatal. Neste eido, a Xunta aposta pola revisión da lexislación de vivenda, solo, contratos públicos, normativa fiscal e criterios contables, co obxectivo de axilizar trámites, favorecer o investimento público e privado e facilitar a promoción de vivenda protexida. Deféndese tamén a simplificación dos informes sectoriais estatais, o silencio administrativo positivo e incentivos fiscais específicos para a vivenda accesible".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46173
Data envio: 16/01/2026 15:13:17.433

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 15:13:17

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 46686
Data envio: 19/01/2026 21:48:40.249
Data 19/01/2026 21:48

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 38743**, formulada a iniciativa de Luis Bará Torres, Xosé Manuel Golpe Acuña, Cristina Fernández Davila e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), sobre **"se a Xunta de Galicia considera que os parques eólicos se integran positivamente na paisaxe galega"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO, que ten o seguinte contido:

"Na zona da Serra do Suído constan 8 parques autorizados (un deles é un parque eólico singular) e 8 en tramitación (dous deles son parques eólicos singulares) competencia da Xunta de Galicia. Ademais tense constancia de 6 parques mais de competencia estatal en tramitación.

Respecto dos parques autorizados (170, 55 MW), 7 deles están suspendidos xudicialmente (Monte Peón (12,6 MW), Porto Vidros (10,35 MW), Paraño Oeste (49,7 MW), Marcofán (36,4 MW), Uxo (21 MW), Alto da Telleira (16,9 MW) e Alto de Montouto (21 MW) e parque eólico singular de Avión (2.6 MW) que non dispón de permiso de acceso e conexión.

Respecto dos parques en tramitación (144,72 MW). A situación pormenorizada é a seguinte:

Coto de Eiras (48 MW), Edreira I (24 MW) e Ampliación Edreira I (16,8 MW).- estase coa tramitación da avaliación ambiental (un único estudo de impacto ambiental para o conxunto).

Las Américas 24 (23,62 MW).- A solicitude está na fase de análise previo. Solicitouse informe previo a Dirección Xeral de Patrimonio Natural posto que se atopa en zona de turbeiras, pendente da súa emisión.

Covelo (2 MW) e Melón (1,5 MW) son parques eólicos singulares que non dispoñen do permiso de acceso e conexión. Chan do Eixo (12 MW) obtivo Declaración de Impacto Ambiental negativa e está pendente do arquivo do expediente. Paradanta (16,8 MW) non acadou o fito da Declaración de Impacto Ambiental, o que implica a caducidade do permiso de acceso e conexión. Por todo isto, estes parques eólicos non poden acadar as autorizacións administrativas.

Con respecto aos parques en tramitación de competencia estatal,

Para os parques eólicos Greco, Sistesas, Chamarrapio a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático emitíu informe no que se constata que non hai solapamento con outras posicións doutros parques eólicos en tramitación.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/01/2026 21:48:36

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 46686
Data envio: 19/01/2026 21:48:40.249

Para Hedreira e Crecente a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático emitíu informe no que se constata que sí hai solapamento con outras posicións doutros parques eólicos en tramitación.

As Fenteiras obtivo a Declaración de Impacto ambiental desfavorable, segundo a resolución publicada no BOE do 22.12.2025.

Na iniciativa parlamentaria cítanse parques que a día de hoxe están arquivados. Concretamente, os parques Coto das Airas, Mancelo e Laxabranca, de competencia autonómica foron arquivados. E para o parque eólico Carballoso, de competencia estatal, consta que o Ministerio aceptou o desestimento en decembro de 2024.

É preciso ter en conta, ademais, que os estudios de efectos acumulativos e sinérxicos están dentro do Estudo de Impacto Ambiental que forma parte do procedemento de avaliación de impacto ambiental. Neste procedemento os distintos organismos emiten os seus informes cos reparos oportunos.

É importante sinalar, ademais, que é unha obriga da Administración tramitar os proxectos que se presentan, o que non implica que a correspondente tramitación remate cunha autorización, xa que a Administración soamente autorizará proxectos que sexan ambiental e tecnicamente viables. A Xunta de Galicia non valora os proxectos; avalíaos e analízaos conforme á lexislación vixente aplicable.

Con respecto, á modificación referida á Lei de medidas fiscais e administrativas, establécese co obxectivo de clarificar o alcance da declaración de interese público superior da construción e explotación dos parques eólicos de acordo coa normativa comunitaria aplicable.

Nos últimos anos, a Unión Europea aprobou un conxunto de instrumentos normativos que consolidaron os proxectos de enerxías renovables como instrumentos cruciais para acadar os obxectivos de neutralidade climática e garantir a protección da biodiversidade.

Así, obriga a que en todo proceso de ponderación dos intereses xurídicos implicados tanto polos tribunais nacionais como polas autoridades encargadas da concesión das autorizacións, se outorgue prioridade á construción e explotación de instalacións de enerxía eólica.

Con esta modificación non se introduce ningún cambio substancial, senón que aclara e sistematiza o alcance das disposicións xa vixentes, co fin de reforzar a seguridade xurídica dos operadores, da Administración e da cidadanía, confirmando e precisando o marco normativo existente.

É vital para Galicia conseguir seguridade xurídica e acabar coa parálise actual que lastra un sector clave en toda a UE para avanzar cara á descarbonización e a neutralidade climática.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 46686
Data envio: 19/01/2026 21:48:40.249

Polo tanto, cando Galicia regula o interese público da enerxía eólica e a súa prioridade non inventou nada.

O único que fixo foi cumprir coa esixencia comunitaria de acadar o rápido despregue das enerxías por ser o instrumento esencial para protexer o medio ambiente, facer fronte ao cambio climático e, por tanto, protexer a biodiversidade (o sector da enerxía tradicional é o responsable de máis do 75% das emisións totais de gases de efecto invernadoiro).

É, por iso, que, en aras do compromiso deste Goberno coa loita co cambio climático, que de novo se clarifica o mandato esencial comunitario que non pode deixar de aplicarse pola Administración e polos tribunais. ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 46686
Data envio: 19/01/2026 21:48:40.249

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 21:48:39

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46171
Data envio: 16/01/2026 15:13:03.630
Data 16/01/2026 15:13

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 38787**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Xosé Manuel Golpe Acuña e outros deputados e deputadas, sobre **"as medidas que a Xunta de Galicia prevé adoptar para asegurar que as persoas beneficiarias do bono social térmico reciban as axudas en prazo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O Bono Social Eléctrico é unha axuda estatal consistente nun desconto na factura eléctrica da que pode beneficiarse o consumidor que teña contratado o Prezo Voluntario para o Pequeno Consumidor (PVPC), dun 25% para o consumidor vulnerable, e dun 40% para o consumidor vulnerable severo. Porén, estas porcentaxes incrementáronse transitoriamente ata xuño de 2024 co 65% e o 80% respectivamente, porcentaxes que estase a reducir trimestre a trimestre ata un 35% e un 50% en 2026.

Os beneficiarios do Bono Social Eléctrico perciben, ademais, o Bono Social Térmico, axuda cuxa xestión encomendouse ás comunidades autónomas.

Este Bono Social Térmico sigue existindo, e o único que se fixo foi eliminar un complemento autonómico a este Bono Social Térmico, para o cal se fixo unha análise da situación actual.

Non obstante, antes cómpre indicar que a Xunta de Galicia está a facer os seus mellores esforzos para axilizar a tramitación dos pagos, de tal xeito que os beneficiarios cobren canto antes. Iso si, é preciso indicar que a STS 134/2020, do 23 de setembro, declara inconstitucional a fixación de prazos máximos para efectuar o pagamento.

De feito, os retrasos na tramitación obedecen en gran parte á demora (ou datos erróneos) nos datos que nos remiten as comercializadoras.

En canto á valoración do complemento autonómico, tívose en conta tanto a mellora do contexto socioeconómico como a significativa minoración dos custos enerxéticos na segunda metade de 2023 e no ano 2024.

De feito, cómpre indicar que o importe medio da factura da electricidade en 2022 foi de 105,48 €, no ano 2023 o importe foi de 60,34€ (54,85 antes de IVE) e no 2024, de 61,90€ (56,27 € sen IVE), atopándose na actualidade en 68,45€ (56,57 € sen IVE). A pesar de que dende o 1 de xaneiro de 2025, o IVE da luz volveu ao seu tipo xeral do 21%, despois de varios anos con impostos reducidos, a diferenza con respecto ao do ano 2022 segue a ser superior aos 400 € anuais.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/01/2026 15:13:01

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46171
Data envio: 16/01/2026 15:13:03.630

Ademais, tal e como xa se explicou, a redución nas porcentaxes do Bono Social Eléctrico por parte do propio Estado español non deixa de ser unha mostra de que os prezos se reduciron respecto a momentos nos que estaban disparados e si houbo complemento.

Ao respecto, en España, a porcentaxe de poboación en risco de pobreza ou exclusión social no ano 2024 diminuíu do 26,5% de 2023 ao 25,8%, aínda que moi por riba dos obxectivos da Axenda 2030, que fixaba para o ano 2024 unha porcentaxe do 20,1%. Se nos limitamos a avaliar a porcentaxe de poboación en risco de pobreza, o valor diminuíu a nivel nacional, do 20,2% de 2023 ao 19,7% de 2024.

Grazas ás medidas adoptadas desde o ano 2014, isto é, primeiro o tícket eléctrico e, posteriormente, desde o 2017, o bono eléctrico galego e as axudas urxentes de tipo social, Galicia ten unha significativa menor porcentaxe de poboación en risco de pobreza ou exclusión social (18,8%) e menor taxa de risco de pobreza (14,2%) .

En calquera caso, a Xunta de Galicia vixiará por se os prezos enerxéticos volven a subir para, chegado o caso, implantar as medidas necesarias".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46171
Data envio: 16/01/2026 15:13:03.630

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 15:13:03

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46529
Data envio: 19/01/2026 14:15:59.409
Data 19/01/2026 14:15

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 38803**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e don Xosé Manuel Golpe Acuña, sobre **"as actuacións real izadas pola Xunta de Galicia para corrixir as deficiencias de calidade do submin istro eléctrico no concello de Mazaricos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A calidade da subministración está recollida no título VI do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

A aplicación CEL, desenvolta polo antes coñecido como Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, permite consultar os índices de calidade de subministración zonal anuais, tanto a nivel nacional como desagregados por comunidades autónomas e por provincias, resultantes da información auditada que remiten anualmente as empresas distribuidoras.

Os últimos datos publicados, agora na páxina web do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, amosan un descenso nos valores TIEPI (tempo de interrupción equivalente da potencia instalada en media tensión) e NIEPI (número de interrupcións equivalente da potencia instalada en media tensión) nas zonas rurais de Galicia.

Así, as empresas distribuidoras están a cumprir co disposto nos artigos 7,8 e 9 da Orde do 28 de outubro de 2002 pola que se establece o programa aplicable para a realización das operacións de mantemento e se establecen os prazos de emenda dos defectos tipo que se detecten nas operacións de inspección e mantemento das instalacións eléctricas de distribución, en relación co programa anual de mantemento.

Tamén cómpre indicar que moitas incidencias nas zonas rurais están relacionadas con temporais declarados como "forza maior" e estas interrupcións da subministración non poden ser imputables ás distribuidoras.

Os microcortes de subministración prodúcense por diversas causas e moitos destes microcortes teñen unha duración dun segundo. A xestión da mellora da subministración durante eses microcortes debe levarse a cabo polas empresas distribuidoras que deberán ter en conta este aspecto á hora de mellorar a calidade do servizo.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/01/2026 14:15:56

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46529
Data envio: 19/01/2026 14:15:59.409

É certo que a normativa establece que en zonas rurais o tempo de interrupción e número de interrupcións poden ser maiores, o que en certo modo obedece a que as infraestruturas nunha cidade e no rural disperso difiren. De feito, é lóxico que, se nunha zona urbana hai un fallo é máis rápido de solucionar porque a rede habitualmente é mallada e pódese alimentar desde outro sitio.

Non obstante, tendo en conta a situación actual e que os valores límite son antigos, consideramos que se poden reducir os limiares de TIEPI (1 kV < V ≤ 36 kV) e NIEPI (1 kV < V ≤ 36 kV)), e que son os parámetros habituais que se utilizan para calcular a calidade da subministración.

Iso si, entendemos que a diferenza entre zonas urbanas e rurais debe ser cada vez menor e realizarse gradualmente, de tal forma que os investimentos precisos poidan asumirse e sen que acaben recaendo como un incremento na factura directo e apreciable para a cidadanía.

Por último, en canto ás sancións, estas veñen recollidas nos artigos 105 e 107 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro. De feito, no artigo 105.6 disponse que "*En todos aqueles supostos en que se incumpra o establecido no apartado 2 do artigo 103 do presente Real Decreto, as empresas distribuidoras procederán a aboar ao consumidor, por cada incumprimento, na primeira facturación que se produza, a maior das seguintes cantidades: 30,050605 euros ou o 10 por 100 da primeira facturación completa*."

Esa contía de 30,05 € semella que ten que ser actualizada.

Asemade, cómpre indicar que a Xunta ten a disposición da cidadanía o procedemento IN635A para reclamacións administrativas en materia de enerxía eléctrica, de tal xeito que seguirá vixiando o cumprimento estrito da normativa por parte das distribuidoras.

Pola súa parte, o fondo de rehabilitación, que xa leva oito edicións desde 2017, está dirixido aos concellos de menos de 50.000 habitantes. Financia a rehabilitación de vivendas e edificios ou o remate de edificacións non acabadas.

É un exemplo claro de como dende o ámbito autonómico se pode apoiar o rural, loitar contra o abandono dos núcleos históricos e revitalizar o patrimonio construído nas nosas vilas e pequenas cidades. Este fondo ten un orzamento de 3,7M€".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:57:54
Nº Rexistro: 46039
Data envio: 16/01/2026 11:57:54.499

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 11:57:54

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:57:34
Nº Rexistro: 46036
Data envio: 16/01/2026 11:57:34.941
Data 16/01/2026 11:57

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 28671**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Miguel Fidalgo Iglesias e outros deputados e deputadas, sobre **" as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para aumentar a dispoñibilidade de vivenda protexida na área de Vigo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O desenvolvemento residencial de Vigo estase a concentrar, especialmente, na zona de San Paio de Navia, onde a Xunta contempla a construción dun total de 1.600 vivendas, distribuídas en tres polígonos.

No Polígono 1 están previstas 733 vivendas, das cales 359 corresponden a vivendas de promoción pública.

No Polígono 2 proxéctanse 719 vivendas, con avances significativos, xa que foron licitados os proxectos de 577 delas.

Pola súa banda, no Polígono 3 están previstas 147 vivendas protexidas, reforzando o carácter social do ámbito.

Do conxunto destas actuacións, a día de hoxe hai 920 vivendas en marcha en Navia, o que evidencia o forte impulso dado ao ámbito.

En concreto, 309 vivendas teñen a obra adxudicada, das cales 293 xa se atopan en execución; 43 vivendas, correspondentes a un inmoble, teñen a obra actualmente licitada; e 567 vivendas, distribuídas en 12 inmobles, contan co proxecto licitado ou en fase de redacción. Dentro deste último grupo inclúense 80 aloxamentos compartidos destinados a menores de 36 anos, co obxectivo de facilitar o acceso á vivenda á mocidade.

No que respecta ao Polígono 1, neste momento están en execución 9 obras que suman 294 vivendas de promoción pública, ás que se engaden 16 vivendas industrializadas con obra xa adxudicada, para as cales se ten contratado o correspondente servizo de control de calidade. A este conxunto de actuacións súmase a licitación da obra dun novo inmoble de 43 vivendas, obxecto da visita realizada hoxe.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/01/2026 11:57:32

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:57:34
Nº Rexistro: 46036
Data envio: 16/01/2026 11:57:34.941

En canto ao Polígono 2, atópase adxudicada a redacción do proxecto e a dirección de obra de 12 inmobles, que permitirán a construción de 567 vivendas, incluíndo os 80 aloxamentos compartidos, consolidando así este polígono como un dos eixos fundamentais do crecemento residencial de Navia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:57:34
Nº Rexistro: 46036
Data envio: 16/01/2026 11:57:34.941

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 11:57:34

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46343
Data envio: 16/01/2026 22:32:48.754
Data 16/01/2026 22:32

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 28676**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Cristina Fernández Davila e dona Noa Presas Bergantiños, sobre **"as accións que prevé levar adiante o Goberno galego co obxectivo de mellorar a atención do Centro de Información á Muller de Ponteareas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia é consciente do papel fundamental dos CIM de Galicia como recurso de acompañamento ás mulleres, a atención ás vítimas de violencia de xénero, para o desenvolvemento de programas de promoción da igualdade e tamén para o acompañamento ás persoas LGBTI. Por ese mesmo motivo estamos traballando no Plan integral de actuación para a renovación e impulso deste centros co obxectivo de coñecer a realidade de todos eles, diferenciando entre as necesidades no urbano e no rural. Facémolo a través dunha escoita activa do persoal dos centros , tamén o de Ponteareas, a través de diferentes ferramentas e, posteriormente, elaborarase o plan con obxectivos e medidas concretas.

O Goberno galego é consciente da prioridade do traballo das profesionais dos CIM, que son de titularidade municipal. Por iso poñemos en marcha este plan e por iso o acompañamos no 2025 cun incremento orzamentario de 30,6% superando os 6,5 M€ en 2025: un aumento dun 13,6% para o pago do persoal e un 30% máis para apoiar as accións de promoción da igualdade e prevención de violencia de xénero. Ademais, haberá apoios para mellorar o equipamento dos centros e seguiremos impulsando o plan de formación do persoal".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/01/2026 22:32:46

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46343
Data envio: 16/01/2026 22:32:48.754

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 22:32:48

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:34:50
Nº Rexistro: 46032
Data envio: 16/01/2026 11:34:50.639
Data 16/01/2026 11:34

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 28714**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo, dona Ariadna Fernández González e don Xosé Manuel Golpe Acuña, sobre **"a oferta de prazas nas escolas infantís Galiña Azul na comarca de Ferrol e os problemas para soster o modelo pedagóxico desta rede"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Galicia dispón dunha das mellores redes de escolas infantís 0-3 de España, con máis de 32.000 prazas que permiten dar resposta á demanda de prazas nunha etapa educativa que é totalmente voluntaria, e que non é financiada polo Goberno. Ademais, son unhas escolas moi accesibles grazas ao programa de gratuidade implantado pola Xunta de Galicia, medida pioneira en España que a Xunta comezou a desenvolver no curso 2019-2020 e que lles permite ás familias pagar 0 euros pola matrícula e a atención educativa dos seus fillos, cun aforro medio por familia de preto de 3.000 euros cada curso escolar.

A Xunta de Galicia destinará neste ano 2026 máis de 65 millóns de euros ao programa de gratuidade: é dicir, as familias galegas aforran máis de 65 millóns ao levar aos seus fillos a unha escola infantil. A dotación orzamentaria deste programa é asumida en solitario pola Xunta de Galicia en solitario, dado que a contribución do Goberno central a este programa é de 0 euros.

A principal consecuencia da aplicación deste programa é o aumento das taxas de escolarización na etapa 0-2, ata acadar cifras históricas sen precedentes en Galicia. Como xa ten informado o Goberno galego no Parlamento, Galicia é a comunidade de España coa maior taxa neta de matriculación no 1º ciclo de Educación infantil.

En concreto, Galicia é líder absoluta en España, cunha taxa de escolaridade que supera o 64% no 1º ciclo de Educación Infantil superando a media española. Isto supón que Galicia é a comunidade autónoma onde máis familias poden acceder a unha praza nunha escola infantil. Ademais, con estes datos, Galicia xa está a cumprir sobradamente os obxectivos que marca a Unión Europea para o ano 2030.

En canto as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia na comarca de Ferrol, o Goberno galego seguirá apostando firmemente pola implantación do programa de gratuidade na etapa 0-3".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/01/2026 11:34:48

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:34:50
Nº Rexistro: 46032
Data envio: 16/01/2026 11:34:50.639

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:34:50
Nº Rexistro: 46032
Data envio: 16/01/2026 11:34:50.639

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 11:34:50

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:34:45
Nº Rexistro: 46031
Data envio: 16/01/2026 11:34:45.381
Data 16/01/2026 11:34

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 28767**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"as condicións das subvencións destinadas ao financiamento das casas niño"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O programa de casas-niño é un programa impulsado pola Xunta de Galicia que ten por obxectivo facilitar a conciliación das familias con nenos ou nenas de ata 3 anos de idade que residen en concellos do ámbito rural, sempre cunha poboación inferior a 5.000 habitantes.

Para facelo posible, a Xunta de Galicia aprobou distintas ordes de subvención para a creación e o mantemento de casas-niño nestes concellos. A estas ordes téñense presentado de xeito voluntario persoas cunha formación específica e acreditada no ámbito educativo, que grazas ao seu bo facer convertiron este programa nunha iniciativa pioneira en España.

Dende o inicio deste programa, a Xunta de Galicia ten introducido diferentes melloras nas contías que perciben as titulares das casas-niño, sempre en permanente contacto coas profesionais que desenvolven este programa.

De feito, a contía da prima anual que perciben as titulares das casas-niño tense incrementado de xeito notable desde o inicio deste proxecto, no ano 2016. Un proxecto que contou co rexeitamento inicial do grupo autor desta pregunta.

Neste sentido, as últimas melloras que se teñen implantado no programa de casas-niño foi posible levalas a cabo grazas á aprobación dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025, pese ao voto en contra do BNG. Ademais da contía da prima anual, a Xunta de Galicia tamén ten introducido unha subvención adicional para aquelas titulares de casas-niño cando contratan unha substituta nas baixas por maternidade, co obxectivo de compensar o incomprensible recorte aprobado polo Goberno de Pedro Sánchez ás bonificacións das cotizacións en contratatacións para efectuar substitucións por maternidade.

En todo caso, a Xunta de Galicia seguirá traballando da man das titulares das casas-niño para continuar implantando medidas que permitan seguir prestando ás familias un servizo de calidade, e que ao mesmo tempo permitan contrarrestar decisións adoptadas polo Goberno central -como a suba de cotizacións, o aumento de impostos ou a xa mencionado recorte nas bonificacións á substitucións por maternidade- que tamén afectan ás titulares das casas-niño".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/01/2026 11:34:43

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:34:45
Nº Rexistro: 46031
Data envio: 16/01/2026 11:34:45.381

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:34:45
Nº Rexistro: 46031
Data envio: 16/01/2026 11:34:45.381

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 11:34:45

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:34:39
Nº Rexistro: 46030
Data envio: 16/01/2026 11:34:39.958
Data 16/01/2026 11:34

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 28772**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"as necesidades de atención a maiores e dependentes na comarca das Mariñas e as previsións do Goberno galego en relación coa posibilidade de impulsar un centro de día público en Betanzos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A día de hoxe non existe previsión orzamentaria por parte da Xunta de Galicia no orzamento de 2026 para a construción dun centro de día no concello de Betanzos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/01/2026 11:34:37

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:34:39
Nº Rexistro: 46030
Data envio: 16/01/2026 11:34:39.958

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 11:34:39

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:34:34
Nº Rexistro: 46029
Data envio: 16/01/2026 11:34:34.350
Data 16/01/2026 11:34

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 28782**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, dona Noa Presas Bergantiños e dona Ariadna Fernández González, sobre **"o impulso dos obxectivos de equidade e corresponsabilidade social na política de atención á dependencia e o modelo de coidados que desenvolve a Xunta de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"En 2026 o Goberno galego inviste no eido da dependencia máis de 840 millóns de euros, dos que a maior parte proceden das arcas autonómicas mentres que a Administración Xeral do Estado faise cargo da parte restante, moito máis pequena.

Polo tanto, o que se observa é unha balanza moi desequilibrada que repercute directamente nos servizos e prestacións que reciben os galegos e un incumprimento por parte do Goberno central do establecido na propia lei de dependencia estatal.

Así, as achegas ao sistema de atención á dependencia por parte do Goberno central á Galicia redúcense dun ano a outro, ao pasar do 40% en 2023 ao 34,9% en 2024, o que provoca que a débeda acumulada coa nosa Comunidade nesta materia supere os 2.500M€.

A pesar diso, é preciso salientar os avances levados a cabo dende a Xunta de Galicia neste eido. Así, tal e como reflicten os datos publicados polo IMSERSO, Galicia rexistra unha evolución positiva neste ámbito e na actualidade máis de 93.600 persoas que teñen dependencia recoñecida, reciben un servizo ou prestación. Esta cifra sitúa á nosa Comunidade cunha ratio de atención do 99,37%, unha das máis elevadas de España.

É importante poñer en valor estes datos, sabendo que Galicia é unha das Comunidades líderes grazas ao esforzo que fai a Xunta de Galicia e os concellos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/01/2026 11:34:31

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:34:34
Nº Rexistro: 46029
Data envio: 16/01/2026 11:34:34.350

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 11:34:34

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:34:28
Nº Rexistro: 46028
Data envio: 16/01/2026 11:34:28.840
Data 16/01/2026 11:34

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 28801**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"a situación actual dos centros de menores en Galicia e as perspectivas do Goberno galego para a mellora da atención e dos coidados a nenas, nenos e adolescentes que neles residen"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A conselleira de Política Social e Igualdade respondeu á interpelación con número de rexistro 22600 sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentar, en sesión plenaria do día 07/05/2025.

Pódese acceder á súa resposta na seguinte ligazón:

https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDAwNGE1ZmYtMzg1OC00Mjg0LWJjNDYtZmZiOTllODA0Njhh&start=10077".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/01/2026 11:34:26

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:34:28
Nº Rexistro: 46028
Data envio: 16/01/2026 11:34:28.840

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 11:34:28

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:34:23
Nº Rexistro: 46027
Data envio: 16/01/2026 11:34:23.188
Data 16/01/2026 11:34

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 28815**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Oscar Insua Lema e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á apertura e posta en marcha do centro de día demandado en Corcubión"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego colabora estreitamente cos concellos para mellorar a atención e os recursos ao alcance das persoas que se atopan en situación de dependencia.

No caso concreto do centro de día de Corcubión, construído integramente polo concello, pode seguir o exemplo doutros municipios que impulsan centros de día de titularidade municipal e cos que o Goberno galego colabora como é o caso de Porto do Son, Lousame ou Boimorto.

Por outro lado, hai actualmente concellos galegos que están promovendo a construción de centros de día de titularidade municipal como Vilamarín, Ramirás, Toques ou Sobrado, dentro do Plan de investimentos con fondos MRR que se acordou coa Fegamp.

Polo tanto, o concello de Corcubión pode planificar a apertura deste centro que no seu día promoveu, con modelos similares aos destes concellos, e a Xunta colaboraría no seu funcionamento, como xa fai con outros centros de titularidade municipal, a través de axudas aos seus usuarios.

Non hai, por tanto, nin o haberá nunca, ningún trato desigual a este concello nin a ningún outro.

Por último, é importante recordar que o Goberno galego aposta por ofrecer ás persoas maiores diferentes alternativas e recursos, entre as que destacan o incremento de prazas residenciais, o Bono Coidado no Fogar ou a rede de Casas do Maior".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/01/2026 11:34:20

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:34:23
Nº Rexistro: 46027
Data envio: 16/01/2026 11:34:23.188

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 11:34:22

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:34:17
Nº Rexistro: 46026
Data envio: 16/01/2026 11:34:17.346
Data 16/01/2026 11:34

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 28834**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, dona Ariadna Fernández González e dona Montserrat Prado Cores, sobre **"a situación xerada polo ingreso nos centros residenciais de maiores de persoas con patoloxías psiquiátricas ou outras que requiren atención específica e as medidas que prevé impulsar o Goberno para resolver o problema"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Os ingresos nas residencias públicas de maiores realízanse por asignación de praza ás persoas que teñen o dereito recoñecido pola Lei de Dependencia a recibir un recurso residencial, ou ben mediante o procedemento de emerxencia social, nos supostos que o ordenamento xurídico recolle.

O ingreso en centros residenciais efectúase de acordo co previsto na Orde do 16 de abril de 2014 polo que se regulan as condicións dos ingresos e traslados en servizos prestados -en centros propios ou concertados- no ámbito da atención á dependencia e da promoción da autonomía persoal.

O artigo 3 da citada orde, en canto á regulación dos titulares do dereito de ingreso, sinala que poderán acceder aos servizos regulados no artigo 2 (entre os que se atopa o servizo de atención residencial) as persoas en situación de dependencia e se lles resolvese no seu Programa Individual de Atención (PIA) algún dos servizos regulados nesta norma.

En canto á asignación de prazas vacantes, o artigo 7 establece que se levará a cabo a través do Programa de Asignación de Recursos (PIA), conforme aos criterios sinalados nos artigos 44 e 45 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro.

a) O maior grado de dependencia.

b) A menor capacidade económica.

c) A situación sociofamiliar das persoas en situación de dependencia.

d) A non percepción de outra prestación ao servizo do sistema para a autonomía e atención á dependencia.

e) A data da presentación da solicitude da valoración da dependencia.

f) A idade da persoa en situación de dependencia.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/01/2026 11:34:15

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:34:17
Nº Rexistro: 46026
Data envio: 16/01/2026 11:34:17.346

Existe unha excepción a este sistema que son os supostos de emerxencia social, aos que fai referencia o artigo 16 do mesmo decreto. Este é o único suposto no que a Xunta de Galicia pode asignar unha praza pública de atención residencial sen respectar a orde establecida no Programa de Asignación de Recursos e sempre previo ditame – técnico do Órgano de Valoración e Asesoramento da Dependencia, unha vez analizado o informe social e de saúde que acrediten estas circunstancias, e cando así o aconsellen razóns de interese público debidamente documentadas e obxectivas que conleven:

a) Unha situación de desamparo ou abandono.

b) Malos tratos físicos e/ou psíquicos.

c) Situación de risco grave inminente para a súa integridade física e/o psíquica.

A patoloxía psiquiátrica é unha característica clínica que calquera persoa nun momento determinado pode padecer, e que non pode nin debe ser unha barreira para que unha persoa acceda a unha praza residencial se ten dereito á mesma".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:34:17
Nº Rexistro: 46026
Data envio: 16/01/2026 11:34:17.346

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 11:34:17

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:34:11
Nº Rexistro: 46025
Data envio: 16/01/2026 11:34:11.397
Data 16/01/2026 11:34

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 28846**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"os medios dos futuros centros móbiles de información á muller anunciados polo presidente da Xunta de Galicia, así como a súa natureza, regulación e os seus protocolos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Con este novo servizo trátase de poder chegar a aqueles concellos que actualmente contan con este recurso, así como no ámbito universitario.

Para determinar as necesidades a satisfacer con este novo servizo partiuse da experiencia previa da actuación desenvolta por parte da Administración autonómica dende a aprobación do Decreto 182/2004, do 22 de xullo, polo que se regulan os centros de información ás mulleres e se establecen os requisitos para o seu recoñecemento e funcionamento, e do posterior Decreto 130/2016, do 15 de setembro, tendo en conta os informes anuais que os máis de 80 CIM actualmente existentes remiten anualmente á Xunta de Galicia.

Ademais, tamén se terá en conta toda a información recibida na escoita activa da fase 1 do Plan integral de actuación para a renovación e impulso dos CIM de Galicia.

A colaboración e coordinación interinsitucional é fundamental para poder prestar unha axeitada atención ás vítimas de violencia de xénero, polo que os CIM móbiles estarán coordinados cos CIM físicos xa existentes así como cos centros de crise para atender todas aquelas necesidades que as vítimas precisen, priorizando sempre a súa vontade e o principio de proximidade, posto que a finalidade dos CIM móbiles é prestar atención directa ás vítimas no seu lugar de residencia evitando desprazamentos e duplicidade de trámites.

No tocante á regulación e ás pautas de funcionamento, os CIM móbiles estarán rexidos polo Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento.

Con carácter previo á súa posta en funcionamento, aprobarase unha carta de servizos así como un protocolo de funcionamento e coordinación con outros servizos de atención á vítimas de violencia de xénero, todo elo co obxecto de buscar unha atención integral ás vítimas de violencia de xénero e sexual".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/01/2026 11:34:09

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:34:11
Nº Rexistro: 46025
Data envio: 16/01/2026 11:34:11.397

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:34:11
Nº Rexistro: 46025
Data envio: 16/01/2026 11:34:11.397

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 11:34:11

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:34:00
Nº Rexistro: 46023
Data envio: 16/01/2026 11:34:00.292
Data 16/01/2026 11:33

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 28859**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmela González Iglesias e outros deputados e deputadas, sobre **"as valoracións que fai o Goberno galego no que se refire ás cifras actuais da oferta de prazas nas escolas infantís da rede pública da Xunta de Galicia en Vigo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia destinou no 2025 case 13 millóns de euros ao mantemento de preto de 4.000 prazas gratuítas en escolas infantís 0-3 na cidade de Vigo, fronte aos 0 euros que destina o Goberno de Pedro Sánchez a esta materia pese as súas reiteradas promesas. Por iso, o Parlamento de Galicia ten demandado que o Goberno central colabore e dedique recursos ao programa de gratuidade das escolas infantís 0-3, como leva anos anunciando sen achegar nin un só euro.

Na actualidade, Galicia é líder absoluta e referencia en España nesta materia, coa taxa de escolarización máis elevada de toda España. Iso significa que Galicia é a comunidade autónoma onde máis familias poden acceder a unha escola infantil, que a diferencia doutras comunidades autónomas, ofrecen a atención educativa gratuíta nun máximo de 8 horas ao día e 11 meses ao ano. É o programa de gratuidade máis potente de España.

Ademais, a taxa de cobertura no caso de Vigo rolda o 70% para unha etapa educativa que, lembramos, é voluntaria. Ademais, a Xunta de Galicia tamén anunciou recentemente a creación de 30 novas prazas no edificio da Gota de Leite, que sumadas as xa existentes neste complexo sumarían máis de 130.

Entendemos que a taxa de cobertura existente en Vigo dá unha resposta axeitada ás familias, xa que o Concello de Vigo non se presentou a ningunha das tres convocatorias de subvención abertas pola Xunta de Galicia para a creación de prazas 0-3. Lembramos que -a instancias dos propios concellos, como por exemplo Vigo- a Administración autonómica puxo a disposición de todos os concellos de Galicia máis de 34 millóns de euros dos fondos MRR específicos para a creación de novas prazas 0 a 3, e que outros concellos da provincia de Pontevedra si se presentaron a estas convocatorias e agora contarán con máis prazas 0-3 para os seus veciños".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/01/2026 11:33:56

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:34:00
Nº Rexistro: 46023
Data envio: 16/01/2026 11:34:00.292

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:34:00
Nº Rexistro: 46023
Data envio: 16/01/2026 11:34:00.292

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 11:34:00

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:33:46
Nº Rexistro: 46021
Data envio: 16/01/2026 11:33:46.724
Data 16/01/2026 11:33

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 28969**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego e don Luis Bará Torres, sobre **"as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para mellorar a seguridade peonil na AC-523 e na súa conexión coa DP-3102"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta xa conta cunha proposta para o deseño dun paso inferior peonil que permita cruzar de modo seguro a estrada AC-523 en Ledoño, Culleredo, e anuncioulle ao concello hai unhas semanas que traballa tamén na redacción dun proxecto complementario de medidas adicionais de seguridade viaria para o treito. Ata que estea executada a actuación do paso inferior que garantirá a seguridade, manterase a denominada Glorieta de Ledoño.

A actuación que vai desenvolver a Administración autonómica busca mellorar a mobilidade dos peóns e reforzar a súa seguridade no cruce desta estrada na intersección do punto quilométrico 1+360. O investimento estimado das actuacións de seguridade viaria prevista neste ámbito ascende a 700.000 euros. A previsión é que este proxecto poida estar redactado a finais deste ano para sometelo a información pública co fin de licitar e executar as obras en 2026.

Xunta e Concello tamén abordarán a iluminación desta estrada AC-523 cun proxecto de seguridade viaria que se redactará en paralelo".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/01/2026 11:33:43

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:33:46
Nº Rexistro: 46021
Data envio: 16/01/2026 11:33:46.724

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 11:33:46

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:25:13
Nº Rexistro: 46011
Data envio: 16/01/2026 11:25:13.555
Data 16/01/2026 11:25

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 29026**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Roberto Rodríguez Martínez e outros deputados e deputadas, sobre **"a valoración que fai o Goberno galego do ditame motivado da Comisión Europea no que advirte da ilegalidade da prórroga da concesión da AP-9"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno do Estado desaproveitou a oportunidade de avanzar cara ao RESCATE da concesión da autoestrada e a ELIMINACIÓN das peaxes.

En lugar de aplicar a resolución da Comisión, optou por contestar in extremis dilatar o seu posicionamento e iniciar novas negociacións.

Galicia non vai conformarse con menos que non sexa o rescate e a consecuente supresión das peaxes.

O pasado 17 de xullo 25, soubemos pola prensa que a Comisión Europea xa tiña o ditame motivado no que se certifica que se incumpriron as normas europeas nas ampliacións da concesión.

O Goberno do Estado, coa súa resposta opaca ao ditame da Comisión, que coñecemos de novo polos medios de comunicación este 17 de setembro, soamente amosa falta de valentía.

Galicia non se conformará e solicitamos xa por carta remitida este 18 de setembro de 2025 coñecer con carácter inmediato o expediente e a contestación remitida á Unión Europea. De non terse acceso á documentación, non descartamos facelo a través da vía xudicial.

Do mesmo xeito, diríximonos á defensora do pobo da UE para trasladarlle preocupación, pedir unha cita presencial e mediación ante este exercicio de nula calidade democrática.

Tamén Galicia está a liderar accións conxuntas para reclamar a liberalización das peaxes coas comunidades de Asturias e Castela León que, no seu caso, afectan á AP-66".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/01/2026 11:25:10

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:25:13
Nº Rexistro: 46011
Data envio: 16/01/2026 11:25:13.555

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:25:13
Nº Rexistro: 46011
Data envio: 16/01/2026 11:25:13.555

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 11:25:13

CSV: BOPGDSPG-hQVPSz6HI-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 16:43:16
Nº Rexistro: 47478
Data envio: 22/01/2026 16:43:16.415
Data 22/01/2026 16:43

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

